

As relacíons da orde do Temple con outras institucións

CARLOS PEREIRA MARTÍNEZ*

Sumario

Neste artigo analízanse as relacíons que mantivo a Orde do Temple, nos territorios dos reinos de Galicia, León e Castela, con outras institucións relixiosas e civís coma o Papado, as ordes militares, bispedos, mosteiro e concellos).

Abstract

This article examines the relations maintained between the Order of the Temple, in the territories of the Kingdoms of Galicia, Leon and Castille, and other religious and civic institutions such as the Papacy, the Military Orders, the Dioceses, Monasteries and local Councils.

1. Relacíons co Pontificado. Os cargos pontificios

Non imos revisar aquí os privilexios expedidos polos pontífices á Orde do Temple en temas materiais ou espirituais, do que xa nos ocupamos noutro traballo, senón ao papel que algúns templarios xogaron na Península, concretamente na Coroa de Galicia-León-Castela, como delegados dos papas, cumprindo funcións representativas referidas a temas fiscais, concretamente á recolección do imposto da vixésima, que consistía na vixésima parte dos beneficios eclesiásticos que cada crego percibía, destinado a Terra Santa (Mansilla, 1945: 51).

En febreiro de 1217 Honorio III nomea recolledores pontificios deste imposto ao mestre do Temple e ao prior do Hospital na provincia eclesiástica de Toledo (Mansilla, 1965: doc. 35 e 1945: 53). En decembro de 1221, o templario Diego Manso (que foi comendador da bailía de Ponferrada), procurador do mestre Pedro Alvítez, recibe da abadesa das Huelgas de Burgos 4.706 áureos, como colecta entregada por Huguicio, colector pontificio, procedentes tamén da vixésima (Mansilla, 1965: doc. 387). Non sabemos se será o mesmo documento de 1221 no cal un templario actuou como intermediario da recadación da vixésima papal en Castela, que con todo non se depositou no Temple (Torre, 2004: 156).

En 1222 é don Miguel, mariscal do mestre Pedro Alvítez quen recibe do arcebispo toledano 1.649 marabedís, tamén do depósito que deixara Huguicio (González González, 1983: I, 194).

E en marzo de 1224 Honorio III concédelle ao arcebispo de Santiago a indulxencia pedida, mediante a entrega ao mestre do Temple de 1.000 libras para Terra Santa (Mansilla, 1965: doc. 495).

Aínda que non son templarios hispanos, pero si as rendas, traemos a colación tamén o feito de que o papa Clemente IV mándalle ao bispo de Burgos, o 15 de maio de 1265, que envíe 100 moedas de prata -«marchas sterlingorum»-, procedentes das rendas do bispedo de Palencia, á casa templaria de Montpellier; diñeiro que logo os templarios lle entregarían a uns emisarios papais (Domínguez, 1996: docs. 18, 19 e 68).

*Carlos Pereira Martínez é funcionario do Concello de Culleredo e historiador.

Como podemos comprobar, os templarios gozan da confianza dos papas como recolledores de impostos, fiándose da súa seriedade. Non podemos esquecer que as actividades financeiras foron unha das ocupacións predilectas da Orde.

2. Relacións coas ordes militares

2.1. Irmandades

A primeira irmandade que coñecemos menciónase nun documento de setembro de 1178, redactado en Salamanca –momento no que o rei Fernando II estaba celebrando unha Curia Rexia na cidade, xunto con bispos e nobres, e que inspira o documento–. Nel, irmándanse entre si as ordes do Temple –representada polo seu mestre, Guido da Garda-, Santiago –co seu mestre Pedro Fernández–, e San Xoán de Xerusalén –co seu prior de Hispania Pedro de Areis–, todos de acordo cos seus cabidos. Adoptan acordos sobre a representación das ordes na curia romana, o comportamento na batalla, a solución de asuntos que afecten a algunha das ordes irmadas, etc. (Martín Rodríguez, 1974: 272-273; Aguado e outros, 1719: 20; Rodríguez de Campomanes, 1975: 22-23; González González, 1943: 122-123, nº 16; Lomax, 1965: 42-43; Caamaño, 1985: 43; Matellanes, 1995: 287 e 2003: 94; Molero, 2000: 120; Ruíz Gómez, 2003: 180).

Dez anos despois, en 1188, Santiago, Hospital e Temple estableceron un acordo polo cal os seus procuradores representarían ás tres Ordes por igual na curia romana (Lomax, 1965: 22).

Entre 1219-1221 (non sabemos a data con exactitude), acórdase unha confederación de irmandade, feita por Martíño Peláez Barragán, mestre de Santiago, Gonzalo Ibáñez de Novoa, mestre de Calatrava e o mestre do Temple de Castela e León (Cuartero e outro, 1959: XXIII, doc. 36.458).

Tamén entre 1222-1224 hai un acordo entre as Ordes do Temple (encabezada polo seu mestre en Castela e León, Martíño Sánchez), Hospital (polo prior en Castela e León J. Sánchez), Calatrava (polo mestre Gonzalo Yáñez) e Santiago (polo seu mestre Garcí González). Logo de que as Ordes declararen que o pacto estaba dirixido ao servizo de Deus, o honor dos reis de Castela e León, o beneficio da cristiandade e a destrución dos xentís, prometendo, para acadar estes fins, axudárense mutuamente sen engano e con boa fe, os xerarcas das catro ordes estableceron unha Xunta de 12 freires, tres de cada orde, escollidos en primeiro lugar polos mestres, e, despois, polos outros membros da Xunta. Cando xurdise algúin problema, os tres freires da orde agraviada terían que citar aos outros nove, so pena de castigo; logo, os doce terían que resolver a disputa, e obrigar a orde culpable a rectificar. Se a orde se negaba, a Xunta denunciaría ao papa, quen, segundo parece, expulsaría da Xunta. As decisiósns desta serían maioritarias; e, se fose preciso, elixiría un decimoterceiro freire para acadar unha decisión. Dise tamén que se un mestre actuaba mal, ou malgastaba a propiedade da súa Orde (aludindo expresamente ao prior do Hospital), a Xunta podería corrixilo, e, se el se negaba a reformarse, denunciaríao aos seus maiores, que serían os mestres xerais do Temple e o Hospital, o abade de Morimond (no caso de Calatrava) e o consello dos Trece, no caso de Santiago (Lomax, 1965: 48; Matellanes, 1995: 286 e 2003: 94-95; Rodríguez-Picavea, 1999: doc. 466; Ruíz Gómez, 2003: 265-267).

O 15 de xullo de 1225 o papa Honorio III mándalles aos hospitalarios, calatravos, santiaguistas e templarios de España que axuden e defendan o nobre A. Téllez na defensa do castelo de Albocácer, que atacaban os musulmáns (Mansilla, 1965: 421-422; Matellanes, 1995: 288; Rodríguez-Picavea, 1999: doc. 468).

Entre 1227-1230 hai outro acordo do mestre do Temple, Martiño Sánchez, cos mestres de Calatrava e Santiago e co prior da Orde do Hospital (Martínez Díez, 1993: 64).

E no ano 1232, nunha disputa entre as Ordes de Santiago e Hospital sobre uns termos territoriais, para dirimilas os mestres nomearon tres freires das súas ordes, máis un do Temple e outro de Calatrava. Como esta comisión non chegou a un acordo, deixaron a cuestión nas mans do mestre de Calatrava, o cal chegou a unha resolución, coa axuda do mestre do Temple (Lomax, 1965: 49; Rodríguez-Picavea, 1999: doc. 189).

E nun acordo entre as ordes do Hospital e de Santiago asinado en San Marcos de León en 1284, ambas as dúas acordaron que se axudarían mutuamente, coa única excepción, por parte de Santiago, dos preitos contra o señorío do mestre ou contra a Orde de Calatrava, cos que tiñan establecida irmandade, e, por parte do Hospital, exceptuábanse aqueles preitos que puidesen xurdir contra a Orde do Temple, coa que tiña tamén asinados acordos de irmandade (Matellanes, 2003: 95).

En ocasións encontramos a membros das Ordes Militares actuar conxuntamente en certos asuntos. Así, o 23 de xuño de 1265, os mouros de Murcia, co consello de don Lope Sánchez, «maestre de la cavallería del templo en los tres regnos et visitador en los V regnos d'Espanna», e co de don Pedro Núñez, «commendador mayor en Castiella de la orden d'Uclés», e co consello de don Afonso García, adiantado maior no reino de Murcia, quítáronse dos preitos, xuras, etc. que lle fixeran ao rei Jaume I de Aragón, pasando a servir ao rei de Castela, Afonso X (Pascual, 1981: ap. doc. nº 3).

2.2. Orde de San Xoán de Xerusalén

En febreiro de 1179 asínase un instrumento de paz e concordia, por mandato do pontífice Alexandre III, entre o mestre do Temple, Odo de Sancti Amantii e o do Hospital, Rogerius de Molinis, co consentimento dos seus respectivos cabidos. Concertan que entre ambas as dúas Ordes cesasen as queixas por calquera vía, que fosen promovidas ata este momento, tanto en Oriente coma en Occidente. E que cada unha das ditas partes de aquí en adiante posuíra pacificamente todas as posesións que tivese nese momento. E que se houber algunha queixa ou agravio por parte de calquera orde, fose resolta por tres relixiosos de cada unha delas, escollidos polos respectivos mestres. Se non puidesen resolver, escollerían amigos de ambas as dúas partes, co consello e mediación dos cales se resolvería o caso, de maneira que a caridade e o amor fosen firmes entre ambas as dúas Ordes. E se áinda así non se puidese resolver o problema, que fosen os mestres os que o solucionasen (Ferreira, 1734: 784-788).

Segundo a Barquero (2003a: 122-123), non se coñece que houbese conflitos entre os templarios e os hospitalarios nos territorios dos reinos de Galicia, León e Castela, cousa que si aconteceu en Portugal, Cataluña e Aragón.

Mesmo un exemplo de colaboración entre o Temple e o Hospital encontrámolo no ano 1255, cando ambas as dúas institucións se ofrecen como garantes da dote de 30.000 marcos de prata que os reis de Castela terían que constituir no caso de que nacese un fillo, tal e como acordaran por tratado de voda de Berenguela co fillo maior de san Luís, Luís (Torre, 2004: 156).

2.3. *Orde de Santiago*

A pesar de pequenos problemas puntuais, podemos cualificar as relacións de boas. A Orde de Santiago mesmo tiña establecido na súa Regra que se axudase e socorrese, entre outros, aos membros das Ordens Militares Internacionais.

Din os capítulos 1 e 2 da Regra:

A los obispos e perlados de la Santa Yglesia hagan reuerencia e honrra, y a todos los fieles cristianos, monjes, y canónigos de qualquier ábito que sean; y a los de la Orden del Templo y Hospital y ministros del Santo Sepulchro y a todos los religiosos de las otras órdenes hagan ayuda con todas sus fuerças e socórranles en sus necesidades, según la facultad de la casa, a prouidencia del maestre».

«Sean recibidos los huéspedes con toda alegría, y con toda liberalidad denles las cosas necessarias, según la facultad da casa; y si fueren de alguna Orden sean más honrradamente tratados por tres días, que los otros freyles; y si por mandado de su Maestre anduuieren, y más tiempo fuere menester de morar en vuestras casas, séanles administradas todas las cosas necessarias para su proueyimiento, y de sus caualgaduras, como a los freyles de la mesma casa, según la facultad de la casa» (Ruiz de Morales, 1998: 170).

Esta disposición, debido ao dispuesto polo papa Inocencio IV, non era de obrigado cumprimento senón de consello (Real Consejo de las Órdenes, s/a: 2).

Xa a bula confirmatoria da Orde, expedida por Alexandre III o 5 de xullo de 1175, dicía que os santiaguistas debían axudar a templarios, hospitalarios, etc. (Martín Rodríguez, 1974: doc. 73 e 1981: 248; Ruiz de Morales, 1998: 104-110; Real Consejo, s/a: 97-108; Rades, 1994c: fol. 14v).

Parece tamén que Xoán Osórez, mestre santiaguista, renunciou ao cargo en 1310, entre outras causas, polo seu desacordo con que se abolise a Orde do Temple no Concilio de Vienne, ao que fora convocado e ao que non quixo asistir (Ruiz de Morales, 1998: 125).

En 1232, nunha disputa entre a Orde de Santiago e a de San Xoán, noméanse como procuradores a tres freires de cada orde, ademais dun do Temple e outro de Calatrava; pero como fose que esta comisión non chegou a un acordo, foron os mestres de Calatrava e do Temple os que tomaron a decisión definitiva (Lomax, 1965: 49; Martínez Díez, 1993: 64, retrotrae este acordo aos anos 1227-1230 -podemos ver que, con algunas modificacións en canto ao número de freires, esta intermediación está baseada no acordo entre as catro ordes tomado poucos anos antes-).

De todos xeitos, houbo puntualmente algúns problemas entre as Ordens de Santiago e o Temple, fundamentalmente no territorio galaico-leonés.

O 28 de agosto de 1219 o pontífice Honorio III comisiona ao bispo, deán e tesoureiro da catedral de Astorga sobre certas casas e posesións que os templarios do reino de León lles tiñan ocupadas aos cabaleiros da Orde de Santiago (Mansilla, 1965: 182-183; Guadalupe, 1977: vol. I de Docs., doc. 225; Aguado e outros, 1719: 69; Estepa, 1975: 148; Rodríguez de Campomanes, 1975: 26; Sierra, 1932: 19; Lera, 1999: 106).

Un ano despois, o 1 de xullo de 1220, Honorio III comisiona aos bispos de Zamora e León, a instancias da Orde de Santiago, sobre posesións que os templarios de Alcañices lles tiñan tomadas aos santiaguistas (Mansilla, 1965: 224; Guadalupe, 1977: vol. I de Docs., doc. 236; Rodríguez de Campomanes, 1975: 26; Lera, 1999: 110-111).

O 27 de xuño de 1220 Honorio III confía aos bispos de León e Zamora a solución da causa que os santiaguistas sostiñan cos templarios respecto de certas posesións sitas

nas dioceses de León e Astorga (Mansilla, 1965: 223-224; Rodríguez de Campomanes, 1975: 26-27; Lera, 1999: 110).

Un ano despois, o 21 de xullo de 1221, Honorio III confíalles ao abade e prior de «Paleis», e ao deán da catedral de Zamora, outro preito sostido entre santiaguistas e templarios «super quasdam domos et alias res» (Mansilla, 1965: doc. 458; Martínez Díez, 1993: 75).

Pasan dous anos e o 21 de xullo de 1223 Honorio III confíalle ao abade e prior de Paleis (Zamora) e ao deán da mesma cidade o preito sostido polos santiaguistas cos templarios do reino de León, sobre o mosteiro galego de San Fiz do Ermo (Mansilla, 1965: 330; Aguado e outros, 1719: 76; Martínez Díez, 1993: 75; Sierra, 1932: 20, con data de 1222). E este mesmo día, por outro documento Honorio III confíalles aos mesmos xuíces outro preito sostido entre santiaguistas e templarios «super quasdam domos et alias res» (Mansilla, 1965: 330; Martínez Díez, 1993: 75).

En 1233 o pontífice de Gregorio IX expide unha comisión sobre restitución de bens que lles tiñan usurpado os templarios aos santiaguistas en Alcañices (Aguado e outros, 1719: 97; Sierra, 1932: 21).

Por último o 13 de abril de 1252 o pontífice Inocencio IV mándalle ao mestre da Orde do Temple nos tres reinos de España que admita na orde a Estevo Pérez, que tivera que saír da de Santiago por causas lexítimas (Quintana, 1987: II, 664-665; Lomax, 1965: 46).

2.4. Orde de Montegaudio

Coa Orde de Montegaudio tamén tiveron problemas, a raíz de que parte desta orde decidiu ingresar no Temple, xa que en 1186 o mestre provincial doouille ao Temple os bens da orde en Aragón, León e Galicia, a cal, aínda que non foi efectiva nese momento, sería ratificada en parte polo monarca aragonés, que en 1196 incorpora a Orde de Montegaudio, no seu reino, ao Temple; pero neste momento os cabaleiros de León e de Castela rexeitaron a incorporación, recibindo de Afonso VIII de Castela o castelo de Monfrag, tomando a orde este nome. Os templarios non se resignaron e conseguiron facerse cos castelos da Orde de Montegaudio en Castela e León, agás Monfrag (Martínez Díez, 1993: 43-44 e 2002: 45-46).

Nestes preitos tomarián parte os pontífices, como Inocencio III, que en outubro de 1198 delega nos bispos de Osma e Zaragoza, e no abade de Veruela, para que entanden no preito, mencionándose no documento ao mestre templario de León (Sánchez Pasín, 1983: 396-397) e que confirmaría en 1215 a transferencia ao Temple de todos os bens da Orde de Montegaudio adquiridos antes de 1196, mentres que os cabaleiros que non ingresaron no Temple poderían conservar os adquiridos con posterioridade a este ano (Martínez Díez, 1993: 44).

2.5. Orde de Calatrava

En tempos do 2º mestre de Calatrava, Fernando Escaza (1169-1170), houbo unha contenda entre este e o mestre templario, Hermindo, sobre os bens e herdanxa de frei Fernán Núñez, que recibira o hábito de templario no convento de San Juan de Otero (Soria) e, logo de facer profesión, deixouno e tomou o de Calatrava, baixo o que morreu. O papa Alexandre III comisionou ao bispo de Osma e ao abade de San Pedro de Cardeña para resolvello. Os bens estaban na vila burgalesa de Melgar de Fernamental (Rades, 1994a: fol. 16v.; Martínez Díez, 1993: 35, e 2001: 79).

Coa Orde de Calatrava concordarase o Temple entre 1219-1220, prometéndose mutua

axuda (González González, 1983: 189). Posteriormente preitearán por varios lugares, entre eles Montalbán, Carpio e Ronda (Martínez Díez, 1993: 45-46; Rodríguez-Picavea, 1994: 121). Pero iso verémolo con máis detalle ao falarmos da Orde de Alcántara.

2.6. *Orde de Alcántara*

A intención do rei Afonso IX de darrle á Orde de Pereiro os castelos de Portezuelo e San Xoán de Mazcoras, que antes foran do Temple, levou a que, o 29 de abril de 1211, se asinase un pacto entre Afonso IX e a Orde do Temple, encabezada polo seu mestre Gómez Ramírez, polo que o monarca lles restituía Algodor –que fora antes súa–, as herdades que tiña don Rodrigo Pérez de Villalobos na Veiga de Coria –que tamén foran do Temple–, e o horto que tiña o fillo de Domingo Micachelis –tamén anteriormente propiedade do Temple–. Restitúelles tamén Alcañices con todo o seu termo -que tamén fora súa-, e as salinas que tiveran en Lampreana, San Felices, Moledes e Benavente, e os seus solares, nos que os freires adoitaban ter os seus bois.

E para que os templarios abandonasen as demandas que lle fixeran sobre os castelos de Portezuelo e San Xoán de Mazcoras, e outras cuestións e demandas que lle facían, dálles Ponferrada íntegra con todos os seus alfores, portádego, dereituras e pertenzas, segundo el as tiña “*in iure et in manu*” cando llela dera aos freires. Dálles tamén «Aruoxelo» con todas as súas dereituras e pertenzas; en Lemos, Canedo coa igrexa e con todos os seus casais e pertenzas e, en Terra de Faro, canto pertencia ao rei na freguesía de Santiago de Sigrás.

Logo de estipulárense unhas cláusulas para o cumprimento do acordo, promételles tamén que, se pode recuperar os castelos de San Pedro de Latarce e Alba de Aliste, llelos doaría ao Temple. E se os templarios os puidesen adquirir dalgún xeito, tamén lle compracería moito.

E acaba o documento especificando que “fratres de Perario non debent plus populare nec laborare in terminis Templi nisi placuerit fratribus Templi” (AHN, OOMM., San Xoán, Inv. 121, fols. 30v-31r., en conf. de Afonso X de 1255 –edición en microfilme do ARG-; BN, mss. 714, fols. 135v-136v; González González, 1944: II, doc. 274; Corral, 1999: 111, 332; Martínez Sopena, 1985: 311; Estepa, 1975: 146-147, e 1981: 703; Martínez Díez, 1993: 72; Olmedo, 1905: 161 -con data 1210-; Durany, 1987: 75; Gutiérrez, 1995: 370; Rodríguez Rodríguez, 2000: 49, 83, 104; Pereira, 1993: 496 e 2000b: 61).

O 16 de xullo de 1218, en Ciudad Rodrigo, Afonso IX concede á Orde de Pereiro a vila de Alcántara, coa obriga de recibir a visita do mestre da Orde de Calatrava. Entre os presentes están o mestre do Temple, Pedro Álvarez e un comendador templario, Domingo Pérez. Tamén o prior do Hospital, Xoán Díaz e o freire desa orde Pedro Ortiz. Curiosamente non aparece ningún membro da Orde de Santiago.

(Ortega e outros, 1981: 46-47 e 1759: 21; González González, 1944: II, doc. 365; Torres y Tapia, 1999: I, 181-184; *Diffiniciones*, 1652: 60-61; Martín Martín, 1989: doc. 8; Palacios, 2000: doc. 63; Martínez Díez, 1993: 117; Hernández, 1982: I, 155; Rades, 1994a: fols. 33v-34 e 1994b: fols. 6r-v.; Díaz, 1663: 14-15; Corral, 1999: doc. 17).

En 1219 Afonso IX entrega a García Sánchez, mestre de Pereiro, o castelo e vila de Milana, que o monarca obtivera en 1203 da orde do Temple a cambio da vila e castelo de San Pedro de Latarce (Torres y Tapia, 1999: I, 219; Palacios, 2000: 35).

O 27 de setembro de 1220, en presenza de Afonso IX, e outros magnates, Pedro Alvítez, mestre do Temple nos tres reinos de Hispania (León, Castela e Portugal), con todos os seus irmáns e convento, e por acordo tomado en Cabido Xeral, abandona a demanda que sostiña contra da Orde de Pereiro sobre San Xoán de Mazcoras e Portezuelo,

establecéndose unha multa de 15.000 morabetinos se os templarios infrinxisen este acordo. Sobre Milana dise que confirman o pacto que Fernando Díaz, mestre do Temple en León, Castela e Portugal, fixera con Afonso IX anteriormente. O monarca, pola súa parte, restitúelles, por esta renuncia, Alba de Aliste, cos seus dereitos e herdades (González González, 1944: II, 518-519; Ortega e outros, 1759: 23-24; Torres y Tapia, 1999: I, 221-222; Palacios, 2000: 38; Corral, 1999: 333; Martínez Díez, 1993: 41; Novoa, 2000: 79).

Pero os conflitos continúan. O 28 de marzo de 1235 o papa Gregorio IX comunica ao chantre, tesoureiro e ao cóengo Pedro de Talavera que o mestre de Alcántara e Pereiro, así como freires de Calatrava, amosaranlle como o mestre e os freires do Temple lles espoliaran animais, bens e posesións. Á vista diso, ordénalle que, oídas as partes, emitan sentencia firme ao respecto (Ortega e outros, 1759: 51-53; Palacios, 2000: 74-75; Torres y Tapia, 1999: I, 293-294; Corral, 1999: 336-337).

Ao ano seguinte, en Burgos, o 16 de decembro de 1236, Fernando III resolve un litixio entre as Ordes do Temple, representada polo seu mestre Estevo de Belmonte, cos seus freires, e Alcántara, representada polo seu mestre Pedro Yáñez, co seu convento, asignando á primeira o castelo de Almorchón e á segunda Cabeza de Esparragal (Ortega e otros, 1759: 73-74; González González, 1986: III, 100-101; Palacios, 2000: 75-77; Cabrera, 1995: 87; Torres y Tapia, 1999: I, 286-287; Corral, 1999: 337; Martínez Díez, 1993: 46; Novoa, 2000: 217).

Axiña comezarán os problemas sobre a vila toledana de Ronda, que durarán moitos anos. En 1237 a Orde de Alcántara presenta unha demanda contra a do Temple, na cal afirma que esta última lle usurpara Ronda hábia xa 30 anos (Martínez Díez, 1993: 163). E o 12 de febreiro dese ano 1237 a comisión pontifícia nomeada por Gregorio IX para resolver o preito sobre Ronda entre as ordes de Alcántara e Temple, composta polo chantre, tesoureiro e cóengo de Talavera, delega as súas funcións no bispo Miguel, de Ciudad Rodrigo, no arcediago desa igrexa e no abade de Caridad, convento premonstratense daquela diocese, os cales proceden a citar ás partes contendentes (Torres y Tapia, 1999: I, 293; Palacios, 2000: 78).

Tres anos despois, o 19 de xaneiro de 1240, o mesmo pontífice, Gregorio IX, comisiona ao arcediago de Salves, ao mestrescola de Compostela e ao cóengo compostelán mestre Bernardo, para que resolván a cuestión de San Pedro de Carpio, e outras vilas, que segundo a Orde de Calatrava, retiña inxustamente a Orde do Temple de Montalbán (Rodríguez-Picavea, 1999: doc. 217; Ortega e outros, 1981: 69; Martínez Díez, 1993: 164).

As cousas non deberon ir ben para os intereses templarios porque, en marzo de 1243, estando en Talavera, os membros da comisión pontifícia encargada de resolver o preito sobre Ronda, termo de Montalbán, e outros bens, entre as Ordes de Alcántara e Temple, comunican ao rei Fernando III a excomuñón do mestre e Orde do Temple pola súa actitude en relación ao citado conflito. Despachos semellantes foron dirixidos á raíña Berenguela, ao arcebispo de Toledo, aos bispos de Burgos, Salamanca, Zamora, Astorga e Idanha (Ortega e outros, 1759: 51-53; Palacios, 2000: 100; Estepa, 1975: 152; Martínez Díez, 1993: 47, 164; Rodríguez-Picavea, 1994: 181). Este mesmo mes os citados membros da comisión pontifícia encargada de resolver o conflito entre as Ordes de Alcántara e Temple -pola posesión violenta que os templarios, dirixidos polos freires Miguel Navarro e Paio Muñiz, axudados por outros cristiáns e por sarracenos, fixeran de Ronda, «in termino de Montalvan», as súas rendas, 42.000 ovellas e outros bens-, informan ao arcebispo de Compostela da sentencia de excomuñón lanzada contra do mestre templario, pregándolle que a faga pública na súa diócese (Ortega e outros, 1759: 51-53; Palacios, 2000: 101-103;

Martínez Díez, 1993: 164; Corral, 1999: 340-341).

O 27 de abril de 1244 o novo papa, Inocencio IV, ante a apelación interposta polo Temple contra das decisións da comisión pontifícia encargada de resolver o conflito de Ronda, nomea unha nova comisión integrada polo deán e o arcediago de Toro, e o mestrescola de Zamora, para revisar o preito que mantiña coa Orde de Calatrava sobre El Carpio e outros lugares (Palacios, 2000: 105; Torres y Tapia, 1999: I, 311; Estepa, 1975: 152; Martínez Díez, 1993: 164; Corral, 1999: 341). Esta comisión, o 20 de agosto de 1244, cita as partes para un día despois da festa da Circuncisión do Señor, do ano 1245 (Torres y Tapia, 1999: I, 308-309; Palacios, 2000: 105).

Non volvemos ter noticias ata agosto de 1246, cando o mestre de Alcántara, Pedro Ibáñez, estando en Zamora, cesa por enfermidade a frei Fernando Martínez, sancristán da Orde, como procurador no preito sobre Ronda (Torres y Tapia, 1999: I, 311; Palacios, 2000: 110).

Entre 1248-1250 os mestres de Alcántara, Pedro Ibáñez, e do Temple, Martiño Núñez, cos seus respectivos freires, acordan que sexa o mestre de Santiago, Paio Pérez, o árbitro nun novo conflito que os enfrenta, neste caso polos termos de Capilla, Almorchón e Benquerencia, en Estremadura. Para solucionalo, o mestre de Alcántara tiña que proponer un home bo da súa parte, e conombrou a tres (don Ibáñez, Martín Román de Plasencia e Bernardo de Trujillo; deles, tería que escoller a un. Pola súa parte, o mestre e os freires do Temple tamén conomearon a tres (don Durán de Plasencia, Domingo Ibáñez e Blasco Marcos), dos que tamén terían que escolller só un. E o mestre de Uclés, pola súa parte, propónfía dous freires da súa orde, Pedro Pérez, comendador de Fornachos, e Afonso Martínez, socomendador de Alfange; destes, tería que decidirse só por un.

O mestre de Alcántara tiña que dar o nome do seu representante 20 días antes de xaneiro entre Benquerencia e Almorchón; o mestre do Temple, tamén un nome, no mesmo prazo, entre Benquerencia e Almorchón; e o mestre de Uclés tamén tería que nomear a un dos que propuxera, no mesmo prazo, para que se xuntaran todos. As dúas ordes debían levar os privilexios que tivesen de Benquerencia, de Capilla e de Almorchón, entregándollelos aos tres homes bos; o que estes acordasen sería aceptado polas partes. Se os tres homes bós chegasen a un acordo unánime, ben; pero se dous o acordasen, tamén valería, tendo as dúas ordes que acatalo e telo por firme. Se algunha non o aceptase, tiña que pagarlle á outra 1.000 marabedís, e o acordo seguiría valendo. O mestre de Uclés sería fiador de ambas as dúas partes dos 1.000 marabedís da parte que non acatase o acordo (Bulario de Alcántara, pág. 56. O documento carece de data, pero o editor do Bulario sitúa entre 1 de xaneiro de 1248 e outro de igual data de 1250. En calquera caso, ten que ser anterior a setembro de 1253, momento no que se resolve definitivamente o conflito mediante arbitraxe real; Torres y Tapia, 1999: I, 331; Palacios, 2000: 111-112).

O 20 de novembro de 1252, en Badaxoz, Pedro Ibáñez, mestre de Alcántara, outorga poder a frei Pedro Álvarez, freire da mesma orde, para proseguir o preito coa orde do Temple perante os xuíces apostólicos de Zamora (Torres y Tapia, 1999: I, 327; Palacios, 2000: 121; Ballesteros, 1935: 16).

O rei Afonso X, o 2 de setembro de 1253, de cara á resolución do conflito xurdido entre os mestres de Alcántara e Temple sobre os termos de Capilla, Almorchón e Benquerencia, logo de ter escoitado ao mestre de Alcántara e a frei Ximón, representante do mestre do Temple, nomea unha comisión tripartita de homes bos na que houbese representantes de ambas as ordes e do propio monarca, para proceder ao definitivo amoxonamento. O mestre alcantarino propón como homes bos a don Durán e don Ibanes, alcaldes de Plasencia, ou

a don Pascual, irmán de don Durán; pola súa parte, frei Ximón, en nome do mestre do Temple, propón que se escolla un da terna seguinte: Blasco Marcos e don Ibanes, alcaldes de Coria, ou Miguel Sebastián de Ciudad Rodrigo (Ortega e outros, 1759: 66-67; Palacios, 2000: 128-130; Ballesteros, 1935: 35; Torres y Tapia, 1999: I, 331; Estepa, 1975: 155; Martínez Díez, 1993: 175; Corral, 1999: 342).

E estando en Palencia, o 28 de maio de 1255 Afonso X confirma á orde de Alcántara na posesión de Cabeza de Esparragal e á do Temple na do castelo de Almorchón, segundo sentenza dictada en 1236 polo seu pai, Fernando III, para poñer fin ao contencioso que ambas as ordes mantiñan pola propiedade da primeira de ambas as localidades (Ortega e outros, 1759: 73-75; Palacios, 2000: 141-143; Ballesteros, 1935: 116; Corral, 1999: 342).

Volvendo ao asunto de Ronda, o 18 de marzo de 1254 Afonso X ordénalle ao deán e mestrescola de Zamora, e arcediago de Toro, que o preito entre as ordes do Temple e Alcántara sexa substanciado ante tribunal real e non eclesiástico, xa que a localidade obxecto básico da fricción era unha doazón real (Ballesteros, 1935: 51; Torres y Tapia, 1999: I, 334; Martínez Díez, 1993: 164; Palacios, 2000: 133-134).

O 30 de abril de 1254 os xuíces apostólicos de Zamora, que citaran aos procuradores das ordes de Alcántara, frei Pedro Álvarez, e do Temple, frei Simón, para o pasado día 26 en relación ao preito de Ronda, suspenden a vista ante a carta real de 18 de marzo de 1254, aducida polo procurador templario, na que se ordenaba a inhibición do tribunal e a tramitación do preito ante o monarca. A comisión cita novamente ás partes para un día despois da festividáde de San Bernabé, para proceder “así en cuanto hubiere lugar de derecho” (Torres y Tapia, 1999: I, 333-334; Palacios, 2000: 135).

O asunto de Ronda continúa e chega ao pontífice. O 9 de setembro de 1255 Alexandre IV, a instancias do mestre do Temple, dálles instrucións aos xuíces apostólicos zamoranos para que citen ante si ás partes contendentes para a fixación dunha vista definitiva ante o propio pontífice (Torres y Tapia, 1999: I, 352-353; Palacios, 2000: 165; Estepa, 1975: 153; Corral, 1999: 343).

Os últimos episodios que coñecemos deste preito son do ano 1256. O 24 de xaneiro deste ano Pedro Ibáñez, mestre de Calatrava, Lope Iñíguez, comendador de Calatrava, Paio Pérez, mestre de Santiago, Pedro Fernández, comendador de Segura, Fernando Pérez, comendador de “Monferrá”, e Xil Pérez, comendador de Oreja, xustifican ante o deán e mestrescola de Zamora e o cóengo Gonzalo Rodríguez, desa mesma catedral, xuíces apostólicos, a incomparecencia ante eles do mestre de Alcántara, por estar na hoste ao servizo de Deus e do rei (Torres y Tapia, 1999: I, 348 e 353; Palacios, 2000: 165; Martínez Díez, 1993: 164). Ese mesmo día frei García Fernández, mestre de Alcántara, outorga carta de personería a frei Martín García, comendador alcantarino de Zamora, para representalo perante os xuíces apostólicos de Zamora con motivo do citado preito (Torres y Tapia, 1999: I, 347-348; Palacios, 2000: 166). E o 8 de febreiro de 1256 os xuíces apostólicos de Zamora remiten a causa ao papa Alexandre IV, establecendo como data de comparecencia dos mestres ou dos seus procuradores, ante el, o día 12 de novembro de 1256, un día despois da festa de San Martiño (Torres y Tapia, 1999: I, 354; Palacios, 2000: 166).

O certo é que Ronda e as outras propiedades reclamadas continuaron e poder dos templarios ata a súa disolución.

Os problemas entre o Temple e Alcántara continúan en Estremadura. O 18 de outubro de 1257 Afonso X ordénalles a Alvar Gutiérrez de Cepeda e a Munio Rodríguez de Toro que entendan nos numerosos preitos que tiñan entre si as ordes do Temple e Alcántara;

no documento faise unha detallada relación dos agravios inferidos á primeira delas polos freires de Alcántara (Torres y Tapia, 1999: I, 364-366; Palacios, 2000: 174-176; Ballesteros, 1935: 185-186; Estepa, 1975: 153; Martínez Díez, 1993: 124; Corral, 1999: 344).

Os alcantarinos matáronles aos templarios dous homes de Salvatierra, ferindo a outros e prendendo a moitos máis. Atacaron tamén varias veces Benavente de Sequeros, roubárona, e levaron unha piara de porcos e outros gandos, e outros roubos, e mataron cinco homes, e feriron e prenderon a moitos máis. En Santa María de Sequeros mataron varios homes e roubaron moitas cousas. Atacaron Peñasrubias moitas veces, ferindo homes e roubando o lugar de tal maneira que quedou ermo. Tamén entraron nas terras do Temple de Peña de Sequeros, e, en contra dos seus privilexios, ocupáronllas, labrándoas e reténdoas pola forza.

O comendador alcantarino de La Sarza foi a terra do Templo e perseguiu ao comendador templario, e deixouno por morto, roubándolle un cabalo e levándolle dous xudeus presos que ían con el, deixando tamén a outros dous homes por mortos.

Atacaron, apoiados por corpos armados e os cabalos con besteiros e con moitos homes e armas, «e con sina alzada», o castelo templario de Cabezón, e quebrantaron o castelo e a vila pola forza e mataron alí un freire templario e outros cinco homes, e feriron a outros, e prendéronos, e roubaron a vila e levaron 400 maravedis en diñeiro e en ouro e prata que tiña o freire, e levaron tamén as armas e as bestas e outras cousas, tendo no seu poder o castelo. E ao freire templario que mataran, collérono e botárono fóra do castelo nun muradal. Tamén atacaron Cañaveral, destrozándoa e roubando canto alí atoparon, e os homes que alí moraban fuxiron e o lugar quedou ermo. Logo foron a Alconétar e a correron ata as portas, e mataron bestas e outros gandos, e levaron e roubaron canto atoparon fóra das portas. Tamén foron a Garrovillas con armas e con cabalos, e quebrantárona, entrando pola forza, matando alí un home e ferindo e levando presos a cantes puideron alcanzar, roubando tamén todo o que atoparon.

Tamén, logo de que o rei establecese en Badaxoz como se debían tomar os montádegos dos gandos, saltándose as disposicións reais os alcantarinos cobraban os ditos montádegos en lugares nos que non podían e nos que nunca o fixeran (Valdarrago, Portezuelo..), presionando a xente para que non pasase pola ponte de Alconétar (onde se dispuxera que cobraría o montádeo o Temple), causando unha perda da renda do dito pontádeo de Alconétar estimada en máis de 500 marabedís anuais.

Non respectaban tampouco os acordos que tiñan cos templarios respecto ao tránsito de barcas e ao portádeo de Alconétar, causándolles un prexuízo económico estimados en 1.000 marabedís.

Pola súa parte, o maestre de Alcántara falou tamén de moitas querelas que tiña contra o mestre do Temple, dos seus freires e dos seus exércitos, pero non as traía por escrito.

En 1308 o mestre de Alcántara, coa axuda dos concellos de Plasencia e Cáceres, despois de térena asediada durante tres meses toman a ponte de Alcántara, defendida polo comendador templario Lope Pérez (Novoa, 2000: 174).

Por último, nun documento do 13 de febreiro de 1312 Fernando IV recoñece ter recibido de Gonzalo Pérez, mestre de Alcántara, a cantidade esixida de 50.000 torneses, por tratarse do importe do préstamo que os alcantarinos obtiveran de Vasco Fernández, mestre do Temple en Portugal. Ambas as ordes acordaran que, ata que o papa emitise sentenza sobre os bens do Temple, este resarciríase da débeda coa posesión de Valencia de Alcántara, e

unha vez emitida, coas rendas da casa portuguesa de Valhelhas (Ortega e outros, 1759: 148; Fita, 1882: 122-123; Torres y Tapia, 1999: I, 491-492; Palacios, 2000: 312-313; Martínez Díez, 1993: 246-247; Corral, 1999: 354-355).

3. Relaciós cos Bispos e Cabidos

3.1. Astorga

Xa nun documento do 3 de marzo de 1198 o papa Inocencio III comisiona ao deán, ao arcediago e a un cóengo de Santiago para que presionen aos cistercienses, cluniacenses, templarios e hospitalarios e outros relixiosos do bispado de Astorga para que paguen a parte dos testamentos que lle corresponde á dita igrexa de Astorga (BN, mss. 4357, fol. 245v.; Cavero e Martín López, 2000: II, doc. 936). E o 8 de outubro de 1208 Inocencio III comisiona ao bispo de Oviedo e ao arcediago e chantre de León para que interveñan contra os hospitalarios, templarios e outros relixiosos que, no bispado de Astorga, amparaban aos excomungados, dándolles sepultura eclesiástica, cubrindoos cos seus mantos e outras insignias das Ordes, sen quereren obedecer os entreditos, cometendo ademais usuras e tratos prohibidos, segundo lle informara o bispo (Quintana, 1963: doc. 40 e 2002: 38).

Entrando xa nas relacións bilaterais, o 4 de novembro de 1208 de novo Inocencio III comisiona a tres dignidades de Palencia para examinaren unha queixa presentada polo bispo de Astorga contra os templarios do seu bispado, xa que estes non permitían confirmar os nenos nas igrexas que posuían en Tábara, nin reconciliar estas cando por algúin exceso ou maldade se achaban violadas (BN, mss. 4357, fols. 246v-247r.; Quintana, 1963: doc. 41 e 2002: 38; Cavero e Martín López, 2000: II, doc. 1012; Cabero, 1995: 140). Deberon chegar a algúin acordo co bispo, pero non o cumpriron. Por esta razón, Inocencio III, o 20 de novembro de 1211, comisiona a varios eclesiásticos (o bispo de León, o abade de San Isidoro e o arcediago da catedral, Pedro Cripriani) para que obriguen aos templarios a observaren a concordia subscrita co bispo, mediante a mediación do bispo de Salamanca e outros xuíces delegados, sobre as igrexas da rexión de Tábara e outros dereitos episcopais (BN, mss. 4357, fol. 247r.; Quintana, 1963: doc. 44 e 2002: 54-55; Cavero e Martín López, 2000: II, doc. 1033).

Isto motivará que, poucos anos despois, o 18 de abril de 1213, en Ourense, se asine unha concordia entre o mestre do Temple, Pedro Álvarez, e o bispo de Astorga, Pedro Andrés V, sobre os dereitos que debían ter o bispo de Astorga, e os arcediagos, ao visitaren as igrexas de Tábara.

Os termos do acordo foron os seguintes:

O bispo visitaría unha vez ao ano o val de Tábara, sendo recibido na igrexa de San Martiño. Alí alimentaría e daríanlle pousada, xunto cun séquito de 30 persoas e cabalerías, honesta e decentemente, durante dous días. O ano que fose un arcediago o que realizase a visita, ao non podela realizar o bispo, as condicións serían as mesmas, pero durante un día. O arcediago recibiría de cada unha das igrexas do val de Tábara que tivese 10 fregueses tres soldos anuais en nome de “catedrático”. Nin o bispo nin o arcediago podían realizar sacas e exaccións das igrexas.

Os capeláns que servisen nesas igrexas, perpetuamente ou por tempo limitado, seríanllas presentados ao bispo ou arcediago, os cales os instituirían para ditas igrexas. Estes cregos tiñan a obriga de asistiren ás xuntanzas convocadas polo bispo.

O arcipreste de Tábara sería nomeado polo bispo ou o arcediago, pero tería que ser

sacerdote templario, o cal cumpliría e executaría o que pertencía á xurisdición dos ditos bispo e arcediago, por canto debían ter libre corrección dos excesos no espiritual, tanto en leigos coma en cregos, como o executaban nas demais igrexas do bispado de Astorga (BN, mss. 4357, fol. 64v. e 200v.; Rodríguez López, 1907: II, 258; Cavero e Martín López, 2000: II, doc. 1041; Quintana, 2002: 62-63).

Pero as tirapuxas continúan: o 9 de xaneiro de 1221 Honorio III comisiona ao bispo de Zamora, ao deán desta igrexa e ao abade do mosteiro da Espina para que vexan as queixas formuladas polo bispo de Astorga contra os comendadores e relíxiosos templarios, e doutras ordes, que se introducían nas igrexas pertencentes á dignidade episcopal, poñían nelas capeláns ao seu antollo e cometían outros excesos einxurias contra os dereitos do bispo. Mándalles que escoiten as partes e decidan o que crean xusto, sen quitarlles o dereito de apelación (BN, mss. 4357, fol. 243r.; Quintana, 1963: doc. 51 e 2002: 102; Estepa, 1975: 148; Cavero e Martín López, 2000: II, doc. 1081).

Ao ano seguinte, o 7 de marzo de 1222, en Astorga, o mestre do Temple e o bispo de Astorga, por mandado do rei Afonso IX, e en presenza de toda a súa Curia, asinan unha concordia sobre as behetrías do val de Salas. Na cláusula máis importante dicíase que o rei levaría a terceira parte, o bispo outra e o mestre do Temple outra. Das catro calumnias, nas que intervén o meiriño real (“ad forciam et ad caminum britatum, et at furtum, et ad aleibe”, é dicir, a forza, o camiño, o furto e a aleivosía) as percibirían tamén por terceiras partes; e todas as demais calumnias serán do bispo; de pedido e de solariegos, recibirán a metade o bispo e a outra o rei (BN, mss. 712, fol. 120v-121, mss. 4357, fols. 72v, 79v e 85v, mss. 13094, fol. 27 r-v, mss. 6683, fols. 104v-105r; González González, 1944: II, doc. 419; Flórez, 1762: XVI, 228; Rodríguez López, 1907: II, 258; Martínez Díez, 1993: 87; Quintana, 1955a: 100-105, 1955b: 66, e 2002: 107 e ap. doc. 3; Durany, 1987: 75 e 1989: 204).

Non coñecemos que tivesen máis problemas. De feito, o 1 de setembro de 1293 asínase en Astorga unha escritura de composición entre o bispo, Martiño, e Pedro R., cabaleiro de Zernadilla, solicitando ambas as partes que puxesen os seus selos de cera, como testemuñas, Estevo Pérez, meiriño maior do rei en León e Asturias, Martiño, abade do mosteiro de Villoria e Fernando Temes, comendador da bailía de Ponferrada (BN, mss. 4357, fols. 21v-22r; Cavero e Martín López, 2000: II, doc. 1467; Cavero, 1996: 83; Quintana, 2002: 626-627).

E poucos anos despois, o 29 de decembro de 1297, estando en Astorga, o bispo don Martiño arréndalle a Simón Pérez, crego de San Miguel de Comonte, todos os dereitos e demais herdades que lle pertencían na vila de «Puente de Veizana» por parte da Orde do Temple (casas, muíños, pesqueiras, devesas, etc.) por seis anos, sendo a renda anual a pagar 100 cargas «de pan terciado» postas en Astorga, o cal se comprometeu a facer o dito crego. Ao tempo, recibiu do bispo 35 cargas de pan «terciado», que se comprometeu a devolver nos dous primeiros anos, e oito bois, valorados en 220 marabedís, os cales tamén tiña que devolver ao finalizar o tempo do arrendamento, deixando así mesmo en bo estado as casas, muíños, pesqueiras, devesas, etc., en que consistían os bens que arrendaba (BN, mss. 4357, fol. 205v.; Cavero e Martín López, 2000: II, doc. 1499; Quintana, 2002: 662).

3.2. Zamora

En 1198 Afonso IX pon fin ao preito entre a Orde do Temple e o Cabido de Zamora sobre o celeiro de San Martiño de Bamba e declara que, aínda que este celeiro fora dado por Fernando II aos templarios, a doazón fora anulada na Curia celebrada en León, no

claustro de San Isidoro, no comezo do seu reinado, en 1188; moitas das revogacións foran debidas a que consideraba que o seu pai, Fernando II, fora demasiado xeneroso coas doazóns. Nunha carta dirixida ao arcebispo de Compostela, xuíz delegado, dille que, entre as revogacións, estaba a do celeiro de Bamba, «que postea de meo cellario de Cemora fuit per aliquos annos». Logo cedeullo a Sancho Maurus, «balistarius meus» e ultimamente á Igrexa e ao bispo de Zamora (ACZ, Tumbo Negro, fol. 49r; Bib. Academia Historia, col. Salazar, M-179, doc. de 1198; Guadalupe, 1977: vol. I de Docs., doc. 217; Sánchez Rodríguez, 1985a: 175; Estepa, 1975: 146).

O 22 de novembro de 1214, día de santa Cecilia, en presenza do arcebispo de Compostela, Pedro IV, asinarase unha concordia entre o Mestre do Temple, Pedro Álvarez, co bispo Martiño e o Cabido de Zamora, sobre as igrexas que os templarios posuían en Villalbarba, sen mandato do bispo.

Os templarios debían presentarlle ao bispo os sacerdotes que quixesen para esas igrexas, e debían seren obedientes á Igrexa de Zamora

Et numquam ibi celebret pro populo aliquis frater Templi nec in aliquo derogetur per eas Ecclesie zamorensis, quominus eidem omnia iura sua cum integritate debita persolvantur (Guadalupe, 1977: vol. II de docs., 610-611; Castán, 1982: 203; Martínez Díez, 1993: 115; ACZ, Tumbo Blanco, fol. 166r.; Sánchez Rodríguez, 1985a: 481-482; Lera, 1999: 98).

En 1222 o Mestre do Temple nalgúns partes de Hispania, Pedro Alvítez, cos seus freires, pídelle ao bispo de Zamora autorización para construír unha igrexa de carácter parroquial en Toro, comprometéndose a satisfacer os dereitos, como as demais igrexas da diocese (ACZ, Tumbo Negro, fol. 131r. e Tumbo Blanco, fol. 166r.; Guadalupe, 1977: vol. I de docs., doc. 242; Sánchez Rodríguez, 1985a: doc. 402 e 1985b: doc. 226; Lera, 1999: doc. 351; Castán, 1983: 77-78; Martínez Díez, 1993: 107).

Dous anos despois, o 22 de novembro de 1224 o bispo zamorano Martiño II, e o seu Cabido, chegan a un acordo con Pedro Alvítez, mestre do Temple, en presenza de Pedro, arcebispo de Compostela, ante a controversia sobre as igrexas de Villalbarba, que ocuparan os templarios sen mandato do bispo. O arcebispo valida co seu selo o acordo (ACZ, Tumbo Negro, fols. 130v-131r.; Sánchez Rodríguez, 1985b: doc. 225; Lera, 1999: doc. 382).

Ao ano seguinte, en xuño de 1233, o citado bispo, xunto co Cabido, permutan con Estevo de Belmonte, mestre do Temple, comisionando a Gutiérrez Velasco por mandato do Cabido Xeral da Orde celebrado en Mayorga. O Cabido lles dá un horto coa súa casa e curral xunto á igrexa de San Nicolás e dúas casas, xunto a outras dos templarios, e outra xunto á porta de Santa Colomba; pola súa banda, os templarios danlle ao Cabido os dereitos que tiñan na canle situada entre San Xulián e a canle de Congostas, e na “bollonera” na zuda de Congostas (ACZ, Tumbo Negro, fol. 152r-v.; Sánchez Rodríguez, 1985b: doc. 238; Lera, 1999: doc. 461).

O 25 de outubro de 1234 o pontífice Gregorio IX, a instancia do arcebispo de Braga, comisiona a Martiño II, bispo de Zamora, e ao seu deán e tesoureiro para resloveren se incorreran en excomuñón as rapinas efectuadas polos nobres en igrexas e mosteiros, e a actuación da Orde do Temple, dende a constitución do bispo Sabinensis como legado apostólico (Lera, 1999: doc. 472).

Un novo acordo producirase o 8 de febreiro de 1241, cando en Zamora o bispo electo, Pedro I, co consenso do Cabido, chega a un acordo con Martiño Martínez, mestre do

Temple nos tres reinos de España, en consenso co seu Cabido Xeral celebrado en Zamora, sobre o dereito de presentación dos cregos, reparto de dezmos e tercias, etc., na igrexa de Santa María de Villalbarba, e outros dereitos que o bispo e Cabido tiñan nas igrexas da diocese (ACZ, 36/7, Tumbo Negro, fols. 133r-134v., Tumbo Blanco, fols. 166r-167r. (con data de 1243); Sánchez Rodríguez, 1985b: doc. 230 e 1985a: 483-486; Matilla, 1965: 206; Lera, 1999: doc. 515).

O 8 de febreiro de 1243 asinarase unha concordia entre o mestre do Temple «in tribus regnis Hispanie», Martiño Martínez, e bispo electo de Zamora, Pedro, sobre a tercia pontifical das igrexas templarias da diocese de Zamora. O mestre e os templarios poderían presentar cregos perpetuos, seculares ou relixiosos da Orde, nas igrexas que tiñan na diocese de Zamora, agás en Villalbarba, Santa María a Nova de Toro e San Miguel de Zamora, nas que deberían presentar cregos seculares. Todos eles recibirían a cura de almas do bispo ou do seu arcediago. Estipúlase a continuación o que percibirá, como tercia pontifical, ou como dezmo, a Igrexa de Zamora nas igrexas templarias de San Pedro de Latarce, Castromembibre, Cireias, Santa María de Pajares, aldea de don Brun, Lavaduna, Mirandela, ou os seus vasalos nos citados lugares ou noutros como Tiedra. Son pagamentos en especie (trigo e centeo), algúns animal (carneiro) e diñeiro (ACZ, 1450.36= (L-4) (7), 1415.10 bis= (L-4) (7), Tumbo Negro, fols. 133v-134v., Tumbo Blanco, fols. 166v-167v.; BN, mss. 714, fol. 120v.; Sánchez Rodríguez, 1985a: doc. 403; Guadalupe, 1977: vol. II de docs., doc. 302; Quadrado e outro, 1990: 406; Castán, 1983: 62; Fernández Duro, 1882: I, 435; Ramos, 1977: 502; Martínez Díez, 1993: 105; Piñuela, 1987: 103; Lera, 1999: doc. 515).

O 10 de febreiro de 1249 asínase unha nova concordia entre o Cabido de Zamora e Pedro Gómez, mestre do Temple, elaborado entre os delegados de ambas as dúas partes, sobre os dezmos de Pajares, cuxos fregueses non os satisfacían, apoiados na confusión de xurisdicións. O mestre e os freires templarios nomean procuradores seus a «Magistrum Iohannem Alvitiz» e a don «P. Monachum», freires da Orde, e o Cabido zamorano nomea a don P. Pérez, arcediago e mestrescola de Zamora. Acordan que se dividan en tres partes: unha, para a igrexa de Santa María de Pajares; outra, para a igrexa de San Pedro de Pajares e a terceira, para a Catedral de Zamora (ACZ, Tumbo Negro, fol. 136r-v., Tumbo Blanco, fol. 168r.; Guadalupe, 1977: vol. II de docs., doc. 314, con data 1248; Sánchez Rodríguez, 1985a: doc. 405 e 1985b: doc. 237; Lera, 1999: doc. 552 (con data 1250, febreiro, 10).

Os conflitos entre o Temple e o bispo e Cabido de Zamora proseguen. O 16 de xuño de 1278, en Zamora, realiza-se o nomeamento de seis árbitros, tres cóengos zamoranos por parte do bispo e do Cabido, e tres cabaleiros por parte da Orde do Temple, e, como terceiro, o arcediago de Coria, no contencioso entre o Cabido de Zamora e a Orde do Temple sobre diversas querelas,inxurias e problemas en lugares como «Aruoxiello», «Rico uao» e outros lugares. O mestre templario nos reinos de León e Castela, García Fernández, e os seus freires, elixen como representantes a Gómez Muñoz, milite de Toro, Xoán Pérez, milite de Salamanca e Lopo Rodríguez, milite de Zamora. E o bispo Suero, e o Cabido zamorano, elixen a don Martiño Vincénte, tesoureiro, e don Estevo Pérez e Salvador Pérez, cóengos zamorenses. E como home de concordia, elixen a Pedro Geraldí, arcediago da igrexa de Coria (ACZ, 13/7, Tumbo Blanco, fols. 167r-168r. –datando o documento en xuño–; Sánchez Rodríguez, 1985a: 486-488; Lera, 1999: doc. 897).

A representación dos templarios vai sendo confirmada sucesivamente polo seu mestre nos reinos de Castela e León, García Fernández. Así, o venres 17 de xuño de 1278, estando en Zamora, nomea procuradores a frei Lourenzo Martín, comendador de Benavente, frei

Xoán Fernández, comendador de Ponferrada, frei Pedro Vázquez, comendador de Montalbán, a frei Fernando Fernández, comendador de Juncos e a frei Xoán de Zamora, comendador de Latarce, no preito que sostén co bispo Suero de Zamora (ACZ, 13/7; Lera, 1999: doc. 890 -poñendo a frei Xoán de Zamora como comendador de Tarrasa (sic)-). O domingo 1 de xullo de 1278 encóntrase en Xerez, onde, coa aprobación do seu cabido, nomea a Lourenzo Martínez, comendador de Benavente, procurador nos preitos que manteñen co bispo Suero de Zamora (ACZ, 13/7; Lera, 1999: doc. 893). E o 19 de xullo de 1278 está en Sevilla, onde, tamén co consentimento do seu cabido, nomea procuradores a frei Domingo, comendador de Zamora, e a frei Xoán Falcón e frei Martínez, portadores da carta, no preito que mantén co bispo Suero e cabido de Zamora (ACZ, 13/7; Lera, 1999: doc. 898).

Por parte do Cabido, o 1 de agosto de 1278, en Zamora, Pedro, deán, e o seu cabido danlle consentimento ao bispo Suero de Zamora no preito que mantén con García Fernández, mestre do Temple de Castela e León, na presenza dos xuíces (ACZ, 13/7; Lera, 1999: doc. 899).

O 8 de agosto de 1278 comeza o proceso promovido polo bispo don Suero, e deán e o Cabido de Zamora contra o Mestre e freires do Temple. Contén poderes para procuradores e árbitros dunha e doutra parte, as demandas ou exposicións dos agravios cometidos polos templarios contra do bispo e os dereitos da igrexa de Zamora, resposta dos templarios na que piden que se especifiquen máis as demandas, e decisión de que o Temple cae na pena do compromiso por non acudir o seu árbitro. Cítanse os pobos de Rico vao (Ricovayo) e Aruoxiello (Argujillo). O mestre templario é García Fernández. O principal procurador no preito é o comendador de Benavente, frei Lourenzo Martínez, aconsellado por frei Xoán Fernández, comendador de Ponferrada, frei Pedro Vázquez, comendador de Montalbán, frei Fernán Fernández, comendador de Juncos e frei Xoán, comendador de San Pedro de Latarce. O comendador de Benavente nomea a frei Martiño Monin, comendador de Ceinos, a frei Xoán Fernández, comendador de Medina e frei Domingo, comendador do que tiña o Temple en Zamora, para actuaren no xuízo.

Os tres xuíces árbitros elixidos para resolver o asunto (Vicente Martínez, tesoureiro da Igrexa de Zamora, pola mesma; Pedro Giráldez, arcediago na Igrexa de Coria, home de concordia das dúas partes, e Gómez Moniz, cabaleiro de Toro, representante dos templarios) reúnense, e manifestan ter lido un documento (o de 16 de xuño de 1278). E mandan que uns días despois se presenten en Zamora, na casa do bispo, as dúas partes, por si ou polos seus procuradores.

O procurador da Igrexa zamorana, García Estébanez, preséntase o día citado e fai saber os agravios que os templarios lle fixeron á citada igrexa:

Non gardaban as composicións que fixeran con eles, nin as sentenzas nin os entreditos postos «por la fee de Sant Salvador» sobre eles e sobre as súas igrexas.

Tiñan cregos irregulares que cantaban nas igrexas que os templarios tiñan o bispado e enganaban aos pobos e mantíñan os cregos irregulares contra dereito «e contra nostro deffendimiento et de nostros vicarios».

Non presentaban os cregos nin ante o bispo nin ante os seus vicarios segundo debía facerse nas igrexas do bispado, a pesar de ser amoestados por iso.

Non pagaban o «catedrático» nin os pedidos que debían dar por razón das igrexas que tiñan no bispado, a pesar que se lle demandaba.

Non tiñan as igrexas que posuían no bispado ben surtidas de vestidos, nin de libros, nin de cálices, como debían, nin dos ornamentos que lles pertencen, nin as tiñan limpas segundo debían; e cando se visitaban esas igrexas e eran amoestados polo seu estado,

obrigábanse a corrixirse, pero logo non o facían.

Entraran na herdade que o bispo tiña en Argujillo, «teniendolo de iuro et de poder», poñéndolle coutos e non permitindo que a labrase ninguén, nin lle mercasen o viño nin lle vendimasen as viñas; e estas cousas fán contra a liberdade da igrexa, polo que caeron en sentenza da Santa Igrexa todos os que o fixeron ou axudaron aos templarios, ou o consentiron podéndoo evitar.

Reclama, pois, que se mande por sentenza ao mestre e aos freires templarios que cumpran todo o que acabada de denunciar. Polos danos recibidos en Argujillo pide catro marcos de prata e que lles entreguen o que eles e os seus vasalos lles colleron, «con las esquilmas que ende levaron o podieron levar que estimamos en quinientos marcos de plata»; e polasinxurias e mortes de homes vasalos da Igrexa e as deshonras e os quebrantamentos das casas da Igrexa nese lugar reclama 1.000 marcos de prata, «los cuales marchos antes quisieramos perder de lo nostro que tales iniurias et muertes e desondras et quebrantamientos et tales cousas aver sofrido dellos et de sos omnes». Pide que sexan condenados por sentenza.

Pola súa parte, frei Domingo, comendador da bailía do Temple en Zamora, pide que se especifiquen claramente as denuncias: que composicións non cumpren, en que igrexas teñen cregos irregulares, en que igrexas non presentan os cregos ao bispo, en cales non pagan o catedrático, cales están sucias e sen ornamentos, etc. Pídelles aos xuíces que, dado que o representante do bispo e cabido non presentou a demanda dunha maneira detallada, como debía, sexa esa parte condenada.

Os xuíces mándanlle aos dous procuradores que se presenten ante eles ao día seguinte, traendo os seus árbitros. Así o fixo o representante da Igrexa zamorana, mentres que o comendador templario se presentou el só (ACZ, leg. 13, doc. 7; Guadalupe, 1977: vol. II de docs., doc. 379; Castán, 1983: 26; Matilla, 1965: 145; Martínez Díez, 1993: 105; Lera, 1999: doc. 902).

A última concordia que coñecemos é de novembro de 1291. O día 10 dese mes, estando en Zamora, o bispo Pedro II nomea procuradores a Domingo Peláez e Xoán Domínguez, cregos e capeláns de Coro, para comprometer no seu nome aos xuíces árbitros no preito contra a Orde do Temple (ACZ, 1/16; Lera, 1999: doc. 1054). Este mesmo día, estando en Mirandela, Gonzalo Eanes, mestre do Temple en Castela e León, nomea procuradores a frei Domingo, comendador da casa de Pajares, e frei Gonzalo, comendador da orde en Zamora, para comprometer no seu nome os preitos que tiñan co bispo de Zamora (ACZ, 1/16; Lera, 1999: doc. 1055).

Uns días despoxis, o 21 de novembro de 1291, estando en Zamora, os procuradores de Pedro II, bispo de Zamora, Domingo Peláez e Xoán Domínguez, cregos e capeláns de Coro, e os de Gonzalo Eanes, mestre do Temple en Castela e León, frei Domingo, comendador da casa de Pajares, e frei Gonzalo, comendador da orde en Zamora, comprometen os preitos que teñen en mans dos xuíces árbitros Estevo Pérez, frei Pedro e Pedro Giraldo, dándolle poder para realizar as investigacións (ACZ, 1/16; Lera, 1999: doc. 1056).

E o venres 19 de decembro de 1291, en Zamora, asinarase a concordia entre o bispo, don Pedro, e don Gonzalo Yáñez, mestre do Temple. O bispo queixábase de que os templarios causaban danos, roubos e quebrantamento de vilas, casas e igrexas, apresamentos e mortes de homes, e outras perdidas e deshonras nos vasalos do bispo nas localidades de Villalcampo, Pino, Cerezal, Ricovayo, Almendra e outros lugares. Para dirimir a contenda ambas as dúas partes nomean procuradores: o bispo, aos cregos e capeláns de coro da

catedral de Zamora Domingo Peláez e Xoán Domínguez; o mestre do Temple, a frei Gonzalo, comendador do que tiña o Temple en Zamora, e a frei Domingo, comendador de Pajares, sendo as persoas que dictarían a sentencia o arcediago de Toro, Estevo Pérez, o arcediago de Coria, Pedro e frei Pedro, comendador templario de Santa María de Villasirga, axudados polo notario da Igrexa de Zamora, Xoán Díaz. A sentencia estipulou que os templarios tiñan que dar ao bispo de Zamora e aos vasalos de Villalcampo e Ricovayo 17.000 marabedís de moeda nova que o rei Sancho mandara facer, pagadas en varios prazos, en compensación dos portádegos, roubos, homicidios, sacrilexios en vilas, igrexas, casas, etc., realizados polos homes e vasalos do Temple. Estipúlase así mesmo que, de alí en diante, nin os freires do Temple, nin os seus vasalos ou homes, nin outros homes no seu nome, non tomasen portádego en Ricovayo nin na ¿Cotama? nin noutro lugar ningún dende a vila de Villalcampo ata Zamora. Tampouco o podía facer cos vasalos que o bispo tiña en Pino e en Cerezal.

O bispo tiña que retirar as sentencias de entredito e de suspensión e de excomuñón, que mandara colocar aos seus vicarios, que pesaban sobre as igrexas e vasalos do Temple.

Acordábase que a igrexa de San Salvador de «Castro vien vivre» [Castromembibre] se volvese ermida para sempre xamais, e que nunca volvería ser igrexa bautismal. Tamén, como fose que Lope Sánchez, mestre do Temple, dera unha tercia dos dezmos que tiña a Orde na igrexa de San Martiño de Pajares ao mestre Paio, cóengo de Zamora, en préstamo, tendo a Orde as dúas terceiras partes restantes e a outra o crego que eles presentaban, a sentencia dálle ao Mestre e aos templarios a posesión desta igrexa de Pajares, agás dez «octras» de trigo e dez de cebada, que tería a Igrexa de Zamora de foro, e salvos todos os outros dereitos eclesiásticos que Zamora tiña nela (visitas, etc.).

Os templarios tiñan que retirar as querelas contra os homes de Villalcampo e Ricovayo que eran vasalos de Zamora. Perdóase aos templarios e aos seus valalos polo mal que fixeran en Villalcampo e outros lugares do bispo (ACZ, leg. 1/16; Matilla, 1965: 115; Martínez Díez, 1993: 159; Lera, 1999: doc. 1057).

3.3. León

O 31 de maio de 1153 don Xoán, bispo de León, expide unhas letras testemuñais a favor de N. Arnaldo, da Orde do Temple, declarando terlle conferido persoalmente a orde sacerdotal (Fernández Catón, 1990: 275-276; Martínez Díez, 1993: 32).

Non como parte activa, pero si como testemuñas de primeira orde, aparecen os templarios nunha sentencia arbitral dada o 24 de abril de 1219 por Pedro, bispo de Astorga, e Arnaldo, abade do mosteiro da Espina, como xuíces comisionados por Inocencio III no preito entre o bispo de León e o abade e mosteiro de Sahagún sobre a xurisdición nas igrexas do burgo e couto do mosteiro, e na que se establecen os dereitos e obrigas de cada parte. A sentencia díctase en «*Zephinos, in palacio fratrum, era M^a CC^a L^a VII^a, mense aprilis, in uigilia sancti Marcii euangeliste*». Entre as testemuñas que asisten á sentenza figuran, entre outras persoas, os freires templarios Gonzalo Nichola e Gonzalo Pérez (Fernández Flórez, 1993: doc. 1620, pp. 125-127).

O 11 de maio de 1291, en Ceínos, Gonzalo Yáñez, mestre do Temple, firma unha avinza con Fernán Patino, arcediago de Valderas e procurador do Cabido da Catedral de León, a raíz dunha contenda entre o comendador de Ceínos e o Cabido leonés. O Cabido dicía que os seus vasalos Pajares podían labrar e carrexar a Pajares os herdamentos que tiñan no termo de Ceínos, e que debían poñer a eira en Pajares e pagar alí a metade do dezmo e a outra metade do dezmo ao comendador, manifestando que sempre se fixera así. Pero o

comendador razoaba que as herdades de Ceinos e do seu termo eran abadengas e solariegas e que non as podían labrar nin ter senón quen vivise nelas; por esta razón debía o comendador ter todo o dezmo destes herdamentos e os de Pajares non os podían labrar se non vivisen alí. Na concordia estipúlase que os vasalos que a Igrexa leonesa tiña en Pajares puidesen labrar os herdamentos que posuían en Ceinos e transportalos ata Pajares, pagando a metade do dezmo ao comendador e a outra metade á Igrexa de León; en adiante, non poderían mercar nin labrar no termo de Ceinos máis herdamentos dos que posuían, e se por merca ou casamento algún deses herdamentos passase a algúin home de Ceinos, nunca máis podería ser vendido ou cedido a ninguén de Pajares (Ruiz Asensio e Martín Fuertes, 1994: doc. 2558; Martínez Sopena, 1985: 246, 298, 825-826; Martínez Díez, 1993: 113; Estepa, 1981: 704).

Por último, nunha relación de igrexas que posuía a Orde do Temple, total ou parcialmente na diocese de León, datada no século XIII, encontramos que varias delas as comparte con outras institucións monásticas ou ordes militares, ou unha parte das rendas van para a catedral de León:

No arciprestado de Castilfalé: “En Alcuetas, Santa María. De cavalleros e de Sanct Noual e del Templo. E da III sueldos en carnero; e XII sueldos en procuraçon; e tercia al prestamero Alfonso Perez”. (*fol. 5r*)

No arciprestado de Villalpando: *Igrexas da vila*: “Santa María. Del Templo. Da tercia a Regla; I maravedi en procuraçon; e IIII sueldos de carnero. (*fol. 6v*)

No arciprestado de Villafréchós. “En Villafruchus... Santa María del Templo. Es de la pertenencia de Çalengas. Da tercia a Regla. (*fol. 7v*)

No arciprestado de Castroverde. “En Çalengas, Sanct Martin. Del Temple. El foro dan a la thesaurarie. Da en procuraçon II morabetinos; e IIII sueldos en carnero”. (*fol. 8v*)

No arciprestado de Aguilar de Campos: «En Villayziz duas iglesias: Sancta Maria, Sanct Mames. Del Templo e de Vanuuas e de Fusellos. Dan tercia al prestamero el arcediano don Iohan Alfonso; e XV sueldos en procuraçon, e IIII IIII sueldos en carnero. E las otras duas tercias lievan los sennores e proveen los clérigos. (*fol. 10v-11r*); «Cebinos, Santiago. Del Templo. Da tercia al prestamero el dean de Santiago; procuraçon al obispo; e procuraçon al arcediano. E los clérigos seglares solian dar con los clérigos del arciprestadgo en la procuraçon del obispo e en todos los pedidos».

E no arciprestazgo de Villalón: “De Ysagre, Sancta Maria. Del Templo, del Ospital, de Benbibre. Da tercia al prestamero don Remonde; e en procuraçon II maravedis; e en carnero IIII sueldos; e las duas tercias lleva el clérigo, e da XIII cargas a los sennores”. (*fol. 47r*) (Fernández Flórez, 1984: *passim*).

3.4. Salamanca

A primeira concordia que coñecemos entre os templarios e o bispo salmantino está datada o 5 de xullo de 1231; por ela, o mestre templario “in tribus regnis Yspanie”, Estevo de Belmonte, intercambia co bispo de Salamanca, Martiño, e o Cabido, diversas propiedades: os templarios doan ao Cabido as súas posesións en Arcediano (que incluían viñas, prados, solares e herdades), e o bispo e Cabido entregan ao Temple todas as súas posesións e solares en Armenteros, así como o solar e as casas que tiñan na parroquia de San Xusto, na cidade de Salamanca, e «unam iugariam quam habemus in capite civitatis de Salamanca»; “et omnia ista que damus vobis transeant ad manus vestras ita quod non detis de illa

decimas (?), immo habeatis super illam tale privilegium quale habebatis in hereditate de Archidiacono, quam nobis datis” (Martín Martín, 1977:185b; Guglieri, 1974: III, nº 1995; Villar, 1974: IV, 8; Martínez Díez, 1933: 116).

O 16 de xuño de 1242 asínase unha nova concordia entre Martiño, bispo de Salamanca, e o seu Cabido, con Martiño Martínez, mestre dos Templarios e Xoán Galván, comendador de Castela e León do Temple, sobre a presentación da cura de almas para a igrexa de San Muñoz “de Valle de Opera” e sobre os dezmos desta igrexa:

Videlicet, quod comendator qui ibi pro tempore fuerit presentet clericum ydoneum secularem Capitulo salamantino vel si talem, bona fide et sine fraude, non potuerit invenire presentet fratrem sui ordinis capitulo salamantino cui capitulum tamen curam committat qui et respondeat in omnibus spiritualibus ecclesie salamantine. Et sive sit secularis sive religiosus sit perpetuo institutus, nec possit eum amoveri sine licencia capituli memorati. Et si clericus sive secularis sive religiosus apud dictum capitulum fuerit infamatus quod absit faciatur iuncta per fratres loci et per alios fidei signos. Et si fuerit amovendus amoveatur et instituatur alius perpetuus prout superius est expressum.

O Cabido percibiría a terceira parte dos dezmos, primicias e “ex madiaturas”, “et comendator loci det decimas ipsi ecclesie de fratum possessionum; et ille parrochie acquisite post concilium generale, salvo privilegio dent novalia earumdem. Et tertiarius ponatur ibi per capitulum, et comendatorem loci et non dividat decumam cum homine capituli”. Tamén recibiría o Cabido medio morabetino e a séptima parte doutro en concepto de «catedrático», e un morabetino para o procurador do Cabido que a visitase, ademais de recibilo os templarios na súa casa e proporcionarlle leña, palla e menaxe doméstico; tamén o archipresbítero recibiría unha procuración “cum una equitatura et semel in anno” (Martín Martín, 1977: doc. 202; Marcos Rodríguez, 1962: doc. 202).

3.5. Ciudad Rodrigo

Só sabemos que en 1227 celébrase unha concordia entre o Temple e o bispo de Ciudad Rodrigo (Estepa, 1975: 150).

3.6. Coria

O 24 de xuño de 1185 o mestre do Temple subscribe unha concordia co bispo de Coria sobre os dezmos de Milana, propiedade da Orde (Martínez Díez, 1993: 120).

3.7. Badaxoz

En 1256, o segundo domingo de xuño, asínase unha concordia entre os templarios e o bispo de Badaxoz sobre os dereitos da Orde das tercias pontificias dos dezmos, renunciando o Temple a un terzo e conformándose cos dous terzos obtidos das procuracións das súas igrexas; estas eran as construídas polo mestre. Estas procuracións en Jerez-Badaxoz, Burguillos del Cerro e Alconchel estimábanse en 25 marabedís en concepto de visitas, construcción e reparación, constituíndo os dous terzos das terzas. O Temple acordou estas concesións nun Cabido Xeral celebrado en Mayorga (Aguado e outros, 1719: 192-193; Estepa, 1975: 154 e 1981: 704; AHN, OOMM, Santiago, Inventario del Archivo de Uclés, 104-105 –copia de microfilme do ARG; Bernal, 1998: 136; De la Montaña, 2003: 340, 380, 387)

Os templarios, e tamén os santiaguistas, ocuparon pobos de señorío do bispado, como Olivenza, Táluga e Villanueva de Barcarrota, entre outros; as reclamacións tanto do

Anuario Brigantino 2003, n.º 28

Concello como do bispo obrigaron a Sancho IV a ter que intervir en 1284 (De la Montaña, 2003: 69, nota 149, 340-341)

3.8. Calahorra

O 24 de abril de 1155 o bispo de Calahorra cede á Orde do Temple os dereitos canónicos sobre a igrexa de Alcanadre (A Rioxa), «salva mea dignitate ac iustitia et successorum meorum, preter hoc ut veniant ad nostrum concilium et accipiant oleum et chrisma et cognoscant calagurritanam sedem suam. Si populatores de Alcanadre terras extra terminum de Alcanadre vel vineas adquisierint, integrerime partem que sibi contigit redant episcopo, id est, tertiam partem decimarum» (Martínez Díez, 1993: 33, 128).

O 7 de xullo de 1167 o bispo de Calahorra regula a distribución das terzas dos dezmos da vila de Aradón, preto de Alcanadre: nas terras que cultivasen os templarios nesta vila, as terzas partiríanse a partes iguais co bispo, mentres que nas terras cultivadas por outros, as terzas íntegras percibiríaas o bispo (Martínez Díez, 1993: 129).

Tamén neste século XII, sen que saibamos a data exacta, asínase un convenio entre o Temple e o Cabido da Catedral de Calahorra sobre as terzas de Alcanadre e Aradón a pagar cada ano: 16 fanegas e 8 celamíns da medida de Calahorra (Martínez Díez, 1993: 130).

3.9. Santiago de Compostela

Aínda que nin o Temple nin a Igrexa de Santiago son os que promoven o acordo, senón o rei Fernando II, dado que ambas as institucións beneficiáñanse cremos que é interesante lembrar que o 10 de xullo de 1168, estando en Alcántara, o citado monarca doa á Igrexa Compostelá a vila de Cuntis e cinco igrexas máis a cambio de Coria (que anteriormente cedera ao arcebispo Pedro e á Igrexa de Santiago), que lles quería doar aos templarios: «Hanc autem urbem ego ob remedium anime mee militibus templum xristi donavi, et uobis et ecclesie uestre de predicta complacuit commutatione». Entre os confirmantes está presente, por parte dos templarios, García Romeu, comendador en Ceinos, cos freires templarios (o 31 de outubro de 1168, estando en León, Fernando II confirmou este privilexio) (López Ferreiro, 1901: IV, ap. XXXIX; Fita, 1912: 348-349; Martínez Sopena, 1985: 451; Estepa, 1981: 702; Barreiro Somoza, 1987: 385; Lucas, 1998: doc. 116; Recuero e outros, 2000: docs. 93 e 94; González Balach, 2004: doc. 239).

3.10. Lugo

O 13 de setembro de 1244, en Benavente, asínase unha importante concordia entre o bispo de Lugo, don Miguel, e Martiño Martínez, Mestre do Temple, sobre dereitos nas igrexas templarias na diocese de Lugo (BN, mss. 13123, fol. 44r.-coa data errada de 1254;- Rey Caña, 1994: I, 189-191; Martínez Díez, 1993: 76-77; Risco, 1798: XLI, apénd. XXXVI, coa data equivocada de 1254; BN, mss. 2907, fols. 78r y 87r -con data 1254-, e fol. 91v -con data 1244-; García Conde, e López Valcárcel, 1991: 233; Estepa, 1975: 155 -tamén coa data trabucada de 1254; Vázquez, 1990: 180-181; Vázquez, 1991: 112; Rodríguez González, 1957: 215-216 -coa data errada de 1254-; Vázquez Seijas, 1970: 157; Yzquierdo, 1983: 34).

Na primeira parte do documento, logo dun preámbulo, dise que se trata dunha concordia entre o bispo e o Cabido lugués, por unha parte, e Martiño Martínez, mestre do Temple nos tres reinos de España, e os seus freires, sobre os xuros episcopais das igrexas templarias de Vilaoscura, Canabal, Espasantes, San Xurxo de Canedo, San Sadurniño de Bacorelle e

o seu couto, San Estevo de Barbadelo, San Fiz do Ermo, Marzán, Carteire, San Xoán de Apregación, Basadre, Taboada, Santa Cruz de Asma, Nogueira, Noceda, Deza e San Vicenzo de Sisto.

Logo, na parte dispositiva, dise que o bispo de Lugo debía recibir dúas procuracións nas devanditas igrexas, unhas pertencentes á bailía de Canabal e outras á de San Fiz. Nas igrexas de Canabal e Vilaoscura o arcediago do lugar debía recibir unha procuración. Nas igrexas dos outros lugares expresados, o arcediago o que aquelas igrexas estaban sometidas, debía percibir procuracións. E ademais debían o mestre e freires templarios presentar, ao bispo ou ao arcediago de Lugo, aos cregos seculares, idóneos, é dicir, aqueles que vivían nas súas casas, que comían na súa mesa e durmían no seu dormitorio, ou os cregos que fosen freires da Orde. Os cregos das igrexas de Bacorelle, de San Sadurniño, de San Xurxo, de Canabal, de Vilaoscura, de San Fiz do Ermo, de San Xoán de Apregación, de Basadre, de Taboada, de Santa Cruz e de Noceda, -fosen membros da Orde ou fesen seculares-, recibirían do arcediago a cura de almas, prometéndolle reverencia e obediencia canónica nas súas mans. Se os cregos presentados nas devanditas igrexas fesen seculares, deberían recoñecer esta presente provisión asinada polo mestre e os freires na presenza do bispo ou do arcediago.

O mestre e os templarios debían presentar cregos seculares idóneos ante os prelados para as igrexas dos demás lugares, e o bispo e o arcediago lugueses debían percibir en todas as citadas igrexas aquelas cousas que anualmente se acostumaba a percibir.

Se algúñ dos cregos seculares deixase de ter a igrexa, por morte, por remoción ou por outra causa, a Igrexa luguesa podía vir á división e percepción de parte dos bens, segundo se acostumaba cos bens dos cregos das outras igrexas da diócese en casos semellantes.

Caso de morte ou remoción dun crego secular, -agás que a remoción fose a outra igrexa da Orde-, o bispo cobraría 20 soldos en concepto de luctuosa.

Das demás prestacións estableceuse que todas as igrexas mencionadas estaban libres e inmunes, agás o dereito a outros en todas as demás, tanto da Igrexa luguesa como da Orde.

O mestre e os freires dábanlle tamén á Igrexa de Lugo todos os xuros que tiñan nas igrexas de Santalla de Veiga e San Martiño de Ferreirúa, e noutras parroquias.

Os templarios tomaron este acordo en Cabido Xeral celebrado en Benavente.

3.11. Cartaxena

O 1 de novembro de 1271, en Murcia, en presenza do rei Afonso X, asínase unha concordia entre García Martínez, deán, bispo «electo» de Cartaxena, co Temple, sobre o recoñecemento dos dereitos da Igrexa. O Temple pagaría, polos castelos que a Orde tiña no bispado (Caravaca, Cehegín e Bullas)

...la quinta parte de todos los diezmos de menudo e de granado que ovieremos en estos logares sobredichos, tanben de los ganados de la tierra como de los ganados que vinieren los estremos en estos logares que son escriptos en esta carta e sus terminos, sacado ende el diezmo de nuestros bueyes empero la parte de los quinteros venga a comun e partase como lo al, e sacado coles e porros, ajos, çebollas, pollos e ansarinos, e sacado el diezmo de la casa e mortuorum e mandas e aquellas cosas que vinieren a pie de altar. E damosvos en estos logares visitaçon, corrección, institución, e damosvos en Carauaca procuración vna vez el año a veynete bestias e al arçediano otra vez el año con seys bestias; e quando Bullas e Çeregin fuere poblado de cristianos que ayades entre estos dos lugares vna procuración al año a tal commo dicho e declarado es de suso; e quanto vos presentamos freyre capellan que

uso faga obediencia salua deçiplina de la Orden...”. (Torres Fontes, 1998: 141-142; Torres Fontes, 1989: 181).

E o 9 de novembro de 1282 o deán de Cuenca ordena que sexan citados os comendadores templarios de Caravaca, de Bullas e de Cehegín para dar razón dos dezmos e outros dereitos do bispo de Cartaxena que retiñan indebidamente (Martínez Díez, 1993: 169).

4. Relacións con mosteiros

4.1. San Martiño de Castañeda

O 1 de setembro de 1182 Fernando Muñoz, «milicie Templi Iherosolimitani miles», co consentimento do mestre e dos templarios, vende ao mosteiro de Castañeda toda a herdade que tiña en San Pelagio, entre Toldanos e Villárdiga, por 50 morabetinos (Rodríguez González, 1973: doc. 72; Ramos, 1977: 475; Castán, 1983: 27; Martínez Sopena, 1985: apénd. 685; Cabero, 1989: 43; Martínez Díez, 1993: 98-99).

Pero ese mesmo ano teñen serios problemas co mosteiro, que os denuncia ante o papa porque se apropiaran dos lugares de Rivadelago e Ayo de Valdevidriales (Quintana, 1989: 95-96; Pérez Embid, 1986: 209). Como di o papa Lucio III, que comisiona aos bispos de Astorga e Zamora para que obriguén ao Temple a devolver ao mosteiro eses lugares, o fixeran «per potentiam secularem».

4.2. San Pedro de Montes

En 1218 os templarios, encabezados polo seu mestre Pedro Alvítez, contenderon con Nuño, abade de San Pedro de Montes, e o seu convento, sobre posesións na Valdueza (Quintana, 1971: doc. 283, 1955a: 100-105; Luengo, 1980: 63; Martínez Díez, 1993: 87; Durany, 1987: 75).

O mestre e freires templarios dicían que o rei Afonso, fillo do rei Fernando, lles dera todo o val de Oza por alfoz de Ponferrada, e por iso facían a demanda. E o abade dicía que o val de Oza lles fora doado, por carta, polo rei Ordoño, sendo confirmada a doazón polos sucesivos reis.

Presentáronse, para dirimir a cuestión, ante o rei Afonso. O abade de San Pedro de Montes pediuulle a Rodrigo Fernández de Caldelas, milite galego, que fose o seu avogado; pola súa parte, o mestre Pedro Alvítez e os seus freires Diego Manso, comendador de Rabanal e Ponferrada, Martiño Sánchez, e outros freires, nomearon a Diego García de Benavente por avogado seu. Os xuíces serían Fernando Martínez de Columbrianos e Isidoro Otava de León, sendo confirmados polo rei.

Ante o rei e a súa Corte, o avogado dos templarios, Diego García, pide que se lle entregue o val de Oza, porque fora doado polo rei Afonso ao Temple, como alfoz de Ponferrada. Pola súa parte, Pero Rodrigo Fernández, avogado de San Pedro de Montes, di que non llelo pode dar porque fora doado ao mosteiro polo rei Ordoño, e confirmada a doazón polos outros reis; e que tiña carta de privilexios desta doazón dende habfa 200 ou máis anos.

Presentados os documentos aos xuíces, estes fixéreronos ler ante o rei e moitos que estaban presentes. Unha vez lidos, dixéronlle ao monarca que non podía dar o couto aos templarios. Este respondeu que, efectivamente, non podía entregar o couto ao Temple porque había doazóns dende o rei Ordoño e os seus sucesores, polo que el autorizaba e confirmaba esa primitiva doazón, non podendo ter o Temple ningún ben no couto de San

Pedro de Montes.

As diferencias proseguirán no tempo: áinda en 1230 os templarios consideran o lugar como seu, xa que nun documento de setembro deste ano aparece como «Comendero in Ponteferrada et in Valle Ozza domino Rodrigo Fernandiz» (Quintana, 1971: doc. 292).

En 1235 soluciónase un preito que viñan mantendo, dende había tempo, o mestre do Temple, Estevo de Belmonte, co abade. Para solucionalo, frei Miguel, «encomendador de Ravanales e de toto Berizo», co mandato e con consello do mestre e o Cabido, e o abade Xoán de San Pedro de Montes asinaron unha avinza, en presenza de Nuño, bispo de Astorga, de dous arcediagos e de cóengos, cabaleiros e homes bós de Ponferrada, Salas e San Lourenzo. Suscítárase porque Andrés Yáñez doara unha herdade ao Temple no couto de San Pedro de Montes. O acordo consistiu en que o Temple renunciou a ela, comprometéndose a non ter propiedades en dito couto, agás que outra Orde relixiosa que non fose o mosteiro a tivese, e o abade entregoulle a cambio o que lle doara Nuño Qeyxada en Ponferrada (Quintana, 1971: doc. 293, 1955a: 125, 1955b: 68).

4.3. Benavides

Estando en Valladolid, o 2 de marzo de 1258 Afonso X interviría como mediador nun preito entre a Orde do Temple e o mosteiro de Benavides sobre as igrexas de Villacid de Campos e os seus dezmos (Martínez Sopena, 1985: 298; Ballesteros, 1935: 203).

4.4. Benevívere

O 9 de marzo de 1274 asínase unha permuta entre García Fernández, “maestre de la caualaria del Temple en el Reino de Leon y Castilla”, co abade de Benevívere (Carrión), dunhas terras sitas en Santiago de la Cota, preto de Ceinos (BN, mss. 714, fol. 286r-v.; Fernández Martín, 1967: 93; Martínez Díez, 1993: 112)

Forman parte do séquito do mestre frei Diego Rastro, frei Lopo Rodríguez, frei Fernán Chacón, frei Afonso “capellán”, frei Pedro García, frei Xoán, comendador de Santa María de Villasirga, frei Domingo, “socomendador” de Ceinos, frei Xoán Yrola, frei Xoán “el Mariscal”, frei Xoán de Portugal, frei Domingo Navarro, frei Diego de Ceinos, frei Xoán, frei Rodrigo, frei Diego Gallego, frei Xoán Miguélez, frei Afonso de Villacid, frei Pedro de Fuentesaldaña e frei Miguel.

Os templarios dan ao abade e ao convento

una tierra que disen del foyo, que iaz entre la heredad de Santiago de la Cota, de la otra parte ela carrera del Moral; et otra tierra que disen el Pico y iaz entre la heredad de Santiago de la Cotta, de la otra parte heredad de Joan Bono; et otra tierra que iaz en fundo del caño y determinada de una parte heredad de Santiago de la Cotta y de la otra parte heredad de Juan Mocho, de la otra parte heredad de Gonçaluo Garauiello, de la otra parte la reguera por u decende la agua del cano de Galegos; y otras dos tierras pequeñas que iacen ena serna de Santiago que disen las Ebras; y otra tierra que iaz encerrada eno exido de Santiago de la Cotta antepuerta”.

Pola súa parte, o abade de Benevívere e o convento ceden ao Temple

ela serna que iaz ante uestra puerta de Galegos et ye determinada de la una parte la carrera de Cuenqua, de la otra parte heredad del Temple; et otra que disen el Poço, que ye

determinada de la una parte el sendero que ua pra Punela et de las otras partes heredades del Temple; et otra tierra que enfronta enno cimiterio de Sant Pedro e de las otras partes heredad del Temple; et otra tierra que enfronta en casa de Galegos et de la otra ela carrera de Cuenqua et de las otras partes heredad del Temple; et otra tierra que enfronta enna carrera de Cuenqua et de la otra parte el cano que disen Galegos et de las otras partes heredad del Temple; et otra tierra que disen de la bodega de M[artin] Diaz; et otra tierra que disen da quadrala que iaz en una tierra del Temple que ye entre la carrera de Medina y el cano de Galegos.

4.5. *Santo Domingo de Benavente*

O 14 de maio de 1298, estando en Medina del Campo, Gómez Pérez, mestre do Temple en León e Castela, confirma o cambio feito por frei Rodrigo Rodríguez cos freires predicadores de Benavente, dun curral por un par de casas.

O mestre, que está acompañado e aconsellado por Rodrigo Rodríguez, Rodrigo Yáñez, Sancho Alfonso, Vermu Méndez, Miguel Martínez, Fernán Yáñez, Diego González, Rui García, Suero Pérez, Xoán Miguélez, Afonso Miguélez, Lopo Páez, Lopo Pérez, Afonso Luz, freires da Orde que o acompañaron no Cabido Xeral que celebraran en Alcañices, outorga e confirma o cambio que fixera Rodrigo Rodríguez, freire da Orde, por mandado de don frei Gonzalo Yáñez, mestre á sazón do que tiña a Orde en León e Castela, cos frailes Predicadores de Benavente,

el qual cambio es el que hizo el dicho frey Rodrigo Rodríguez com los frayres Predicadores sobredichos, del corral que es cerca de las casas de los frayres Predicadores sobredichos, del otro cabo determina el Castiello del conçeyo, del otro cabo determinan casas de Sancha Martínez, del otro cabo determinan casas de Francisco Núñez, del otro cabo determinan casas de la Orden del Temple sobredicho, por cambio de que nos paguemos, convién a saber: um par de casas que som en Cal Mayor, que furon de Lucas Rodríguez, las qualas casas dio Alfonso Pérez de Burgos a los dichos frayres Predicadores por su alma.

O cambio fora mandado facer polo “nuestro Maestro de Ultramar dom frey Jacobo de Molay a dom frey Gonçalo Yáñez, Maestro sobredicho a la saçom” (Fernández Ruiz, 2000: doc. 27).

4.6. *San Salvador de Celanova*

O 15 de setembro de 1142 asínase un acordo entre o abade do mosteiro de San Salvador de Celanova, Paio, cos “seniores caballarie de Iherusalem”, na presenza de don Xerardo, “qui obedientiam sancti Pelagii de Veiga obtinet”, para construir un hospital “in illa portella de Samuel”, que era herdade de Celanova, “vel etiam est de hominibus ipsius Cellanova, quam edificemus simul et populemur. Et quicquid ibi auxiliante Deo ganare vel arrumpere vel augmentari et adquirere de quamcumque parte potuerimus in ipsa portella sortiamur, et habeamus tam terras quam hereditates sive aquas aut montes, et dividamus secundum Deum et secundum hoc seculum per medium” (Andrade, 1995: I, doc. 156 –confundindo aos templarios con hospitalarios;- Ferreira Priegue, 1988: 172-173; Pereira, 1993: 476-477; Pereira, 1999: 6; Pereira, 2000b: 163).

4.7. *Santa María de Ferreira de Pallares*

Difíciles foron as relacions co mosteiro de monxes negros de Ferreira de Pallares.

O 6 de abril de 1227 asínase unha concordia entre o abade de Ferreira de Pallares, Abril e Martiño Sánchez, comendador do Temple en Galicia (por mandato do mestre nos reinos de Castela, León e Portugal Pedro Alvítez), en nome do mosteiro de San Fiz do Ermo, na presenza do bispo de Lugo, don Miguel, sobre posesións, danos e inxurias entre ambas institucións (Rey Caíña e outro, 1984: 243-245).

P. Sobrinus e Xoán Miguélez, cóengos lugueses, redactaron un compromiso no que, entre outros apartados de menor interese, figuraron os seguintes:

Na igrexa de San Vicenzo de Vilaremelle, na que os templarios tiñan o padroado íntegro, Ferreira tería a voz reguenga, e os templarios non deberían causar ningún problema aos vasalos do mosteiro. Sobre a herdade de «Mathei», segundo a posuían os templarios, Ferreira nada tiña que alegar. E sobre o agro de «Marzam» e o casal de «Penela in Carcer», igual. Do casal de «Heiras» mandaron que a metade que posuían os templarios se lle entregase a Ferreira, que os compensaría con 100 soldos leoneses. Respecto dos vasalos, os abades de Ferreira non poderían ter benefactorías no couto templario.

En Bertamir mandaron que os templarios non puxesen trabas a Ferreira sobre a herdade que tiñan alí; tampouco Ferreira podería poñer impedimentos para que os templarios accedesen aos seus casais en «Sancto Dominici Fule». E da tercia de Guntín mandan que os templarios se contenten co que posúen na vila. Nos montes fóra da vila, tería a tercia. O vilar de San Paio adxudícase a Ferreira, reservándose a servidume de pasto e o acceso aos muíños dos homes de Marzáñ, sen causar dano á agricultura. Mandan tamén que as violencias causadas polos abades ao poboar terras en contra da prohibición do comendador templario, se compense pola violencia causada polo comendador destruíndo casas neses vilares. Estas problemas déronse en Bartamir, Meixaboi, Marzáñ e Monte Calvo.

O 15 de xaneiro de 1229 fixose un sinalamento de límites entre Meixaboi e Guntín entre o Temple e Ferreira de Pallares, en presenza do bispo de Lugo, Miguel, e dous cóengos. Definiuse que o límite entre Meixaboi e Guntín fose por onde chamaban “marcos de Espiñeiro” e de alí iría á “Touceiram”, que estaba sobre a herdade dos templarios, e dende ese lugar, en liña recta, ata a Pena Borneira (Rey Caíña e outro, 1984: 245-246; Martínez Díez, 1993: 75).

O 18 de agosto de 1241 hai outra concordia entre o abade de Ferreira e os templarios de San Fiz do Ermo. Dunha parte, está don Xoán López, comendador de San Fiz do Ermo (con poder de don Martiño Martínez, mestre nos reinos de España), e da outra o abade e convento de Ferreira. Dictarán o laudo don N. Pérez, comendador de Portomarín da Orde do Hospital, e o arcediago lugues don M. Rodríguez. Como «fidiussoribus» os templarios escollen a Froila Rodríguez, crego de San Vicenzo de «Muris», ao que entregan 200 soldos, mentres que o mosteiro escolle a Xoán Ordóñez, «milite», ao que entrega tamén 200 soldos, como prenda (Rey Caíña e outro, 1984: 246-247; Martínez Díez, 1993: 75).

Unha nova concordia asínase o 16 de xaneiro de 1265, en Guntín, entre o abade de Ferreira de Pallares, Munio, e don L., comendador templario de San Fiz, sobre diversas cuestiós na vila de Guntín, ante don Miguel, bispo de Lugo. O abade e convento deron como «fideiussores» en 500 soldos, a Nuño Yáñez, chamado «Pelicum» de Ínsula, e Pedro López de Pradraneda, ambos «milites»; o comendador dou como «fideiussor», noutras 500 soldos, a Pedro Rodríguez de Belbetoros, «milite» (Rey Caíña e outro, 1984: 247-249; Martínez Díez, 1993: 75).

Acórdanse varias disposicións para resolver as disputas sobre o vilar de Zaaman ou sobre bens en Guntín. E tamén condénase ao abade a entregar 200 soldos de moeda

leonesa ao comendador templario, para destinar á curación dun servente seu, Xoán Rodríguez, que fora golpeado en Lugo por dous serventes do abade, «demens Lupus et Johannes Sesgo».

Por último, nun documento datado probablemente a finais do século XIII, aparece unha longa declaración de testemuñas na disputa que sosteñen os monxes de Ferreira co comendador e freires templarios de San Fiz pola posesión do Vilar de Couso, que estaba no camiño de Santiago, e un hospital erixido no lugar. As dúas institucións nomearon como homes bos ás seguintes persoas: por parte de Ferreira de Pallares, a Fernando Pérez, presbítero de Vilamaior, e Xoán Rodríguez, miles de Vila de Aldar; e por parte do comendador de San Fiz, a Martiño Peláez, presbítero de «Marciam», e Martiño Yañez, «miles» de Mondim. Declaran 56 testemuñas. A maioría di que oíran que a propiedade do lugar era de Ferreira de Pallares (algunha testemuña di que lle fora dada ao mosteiro pola condesa Elvira). Das declaracóns entresácanse outros datos interesantes, dende a orixe da cesión desa propiedade, con algunas achegas xenealóxicas dos condes de Pallares, a nomes de nobres da zona ou de comendadores templarios de San Fiz, como Munio, ou don Fernando Arie (este na época en que era abade de Ferreira don Abril).

Un exemplo representativo podía ser este:

Unum clericum diaconum fora de cauto Ferrarie, juratus, dixit quod sedebat in Sancta Eugenia, quod auuit interrogare dompnus Ordonius ad dompnum Ramirum de Pena Godom, si sciebat quen entenzara el comendador dompnus Munio cum dom Petro Eanis. Tunc dompnus Ramirus dixit quedsciebat quan dom Petrus Johannis uolebat ponere Hos- pitalem sub camino. Tunc uenit el comendador dom Munio et noluit leyxare fecere nihil quod dixit que erat suam hereditatem. Et hoc dixit de tempore quod audiuir L annos... (Rey Caíña e outro, 1984: 249-254; Martínez Díez, 1993: 75; Ferreira Priegue, 1988: 189).

4.8. Santa María de Sobrado

O 23 de marzo de 1200, no “Burgo de Faro novo”, o comendador da bailía de Faro, Rodrigo Fernández, por mandato do mestre Fernando Díaz, vénelle ao abade do mosteiro de Sobrado, Bernardo, e ao seu convento, o casal de Greadili, preto da igrexa de Santiago de Ois por 260 soldos turonenses de moeda nova e dous queixos de roboración. Confirman o documento, ademais do comendador, os seguintes freires templarios: Bermudo Sesnándiz, Pedro de Curtis, Rodrigo Pérez, Pedro Moninz, Martiño Penadu, Martiño Martínez, Froila Pérez, Bermudo Fernández, Rodrigo Semoeda e Diego Bermúdez (Loscertales, 1976: I, doc. 215; Pereira, 1991: s/p, 1993: 494, 1995: 14, 2000a: s/p, 2000b: 60, 83-85; Martínez Díez, 1993: 71).

Nunha data anterior a 1232 fanse os deslindes dos límites dos termos de Vilariño, Muradelo, Torante e Bidueiros entre o mosteiro de Sobrado e o Temple. Os repartidores foron o «prior dom P[ero] Eans dito Barba e frey Iohan Cornado e Froya Mergules e Pedro abbae freyre e Rodrigo Diaz comendador [e] Suer Perez e sou fillo Uermun Suarez Munim iudeu e [3] seu fillo Pº Deso e Pº Caluo e Monin Perllaz e Pº Cornado e Pay Martinez de Roade e Pº Batala e Pay Muniiz e don Nuno Suarez uigaro del Rey que atra [tenia] Parega» (Loscertales, 1976: I, doc. 475; ARG, Libros de mosteiros, Sobrado, C-64, fol. 115r., e Libros de mosteiros, Sobrado, C-444, fol. 631v.; Pereira, 1995: 17, 2000a: s/p, 2000b: 77, 88).

Tamén no século XIII, sen que poidamos precisar con exactitude a data, acórdanse os límites dos coutos do mosteiro de Sobrado e os templarios de Codesoso (Loscertales, 1976: I, doc. 435; Pereira, 1995: 17, 2000a: s/a, 2000b: 95):

In primis per arcum que est in monte super Uillarino per Barracentas quomodo uenit uallis antiqua ad portum de Garamane, et ibi facta est curva in petra, et inde ad Fontem de Linare de Munio clerico, et inde per Penam Cauatam de Androneira, et inde ad Penam de Spino. Medium de Salamir et medietatem de Homicidarias et medietatem de cloesendi cum omnibus directuris suis. Isti termini positi sunt per fratres Superaddi, scilicet prior dominus Petrus Iohannis et dominus Didacus et per freyres Pelagius Rippa et Iohannes Afer et per alios multos de utraque parte.

4.9. Santa María de Oseira

Os templarios, aínda que non actúan directamente, aparecen afectados na doazón que Gonzalo Eanes fai ao mosteiro de Oseira o 26 de decembro de 1214, pola súa alma, de todo o que fora dos templarios en San Facundo. Se estes reclamasen, Oseira tería dereito a certas partes de vilas e igrexas en distintos lugares. Aparecen como testemuñas os templarios Martiño Sánchez, comendador de Faro e Fernando de Manga (Romaní, 1990: I, doc. 161, pp. 164-165; Leirós, 1951: nº 152; Pereira, 2000b: 37).

E en marzo de 1241 asínase unha concordia entre don M., abade de Oseira, co seu convento, e don Pedro Eanes, comendador de Faro e freires do Temple, por razón da cuarta parte do couto de San Martiño de Cances, que tiñan os templarios e Oseira dicía que era seu de iure. Actúan como homes bós os monxes de Oseira don Fernando Gutiérrez e don Sueiro Suériz, e os comendadores templarios de Lendo, frei Xoán, e de Amoeiro, frei García. Os templarios déronlle a Oseira tres casais en Prado (Lalín), a cuarta parte da igrexa dese lugar, tres cuartas partes dun muíño tamén nese lugar e un casal no lugar de Val. Pola súa parte, os monxes de Oseira entregan aos templarios tres casais en San Martiño de Cances, e a oitava parte da igrexa do lugar, un casal de Baz, outro en Vilar de Asal, outro en San Salvador de Dubra e a cuarta parte do pazo dese lugar e o quiñón que tiñan na igrexa dese lugar (Romaní, 1989: 179-180, 1990: I, doc. 480; Leirós, 1951: nº 503; Duro, 1967: 17; Pereira, 2000b: 37, 2000c: 219-220).

4.10. Fitero

Co mosteiro de Fitero coñecemos unha concordia, asinada o 5 de outubro de 1173 en Alcanadre, actuando en representación do Temple o mestre provincial de Aragón e Cataluña, Arnau de Torroja, sobre o lugar de Carbonera, pertencente á encomenda de Alcanadre, lindante co mosteiro de San Bartolomé de Anagora, do Císter. Establécense os lindeiros, o aproveitamento das augas segundo os días da semana, etc. (Martínez Díez, 1993: 130-131).

4.11. San Salvador de Sobrado de Trives

O 2 de abril de 1309 asínase un convenio entre o rei don Afonso e os cabaleiros fidalgos de Caldelas sobre as voces e columnias da facenda, que os ditos fillosdalgo levaban das igrexas e mosteiros de Caldelas, Trives e Quiroga, etc. Este é un traslado a petición de don Xoán da Fonta, abade de San Paio, e de dona Sancha Rodríguez, abadesa de San Salvador de Sobrado de Trives, por medio de frei Pedro Eanes, cabaleiro templario de San Fis de Trives, como procurador da dita abadesa (o documento pedido é de 1292, novembro, 2. Villafranca) (Buján, 1996: 239, nº 526).

5. Relacións coas institucións concellís

5.1. Badaxoz

Tiveron problemas, sempre por cuestiós de lindeiros e señorío, co de Badaxoz, ao que se ceden tres localidades en 1276, nunha concordia autorizada por Afonso X; pero esta delimitación non debeu xurdir efecto, resolvéndose o conflito, sobre varias aldeas, a favor de Badaxoz en 1284 (De la Montaña, 2003: 317, 325). Outros autores mencionan que conquistaron esas aldeas pouco despois, en 1286, nunha iniciativa conxunta coa Orde de Santiago (Martínez Díez, 1993: 48, 179).

En 1289, por orde de Sancho IV, os templarios, xunto coas ordes de Calatrava, Santiago e Alcántara, así como forzas dos reinos de Sevilla e Córdoba, esmagán a rebelión de Badaxoz, que apoiaba ao infante de la Cerda (Barquero, 2003b: 59).

5.2. Plasencia

Co de Plasencia asinan un acordo o 2 de marzo de 1292. Este conflito naceu porque os templarios da Ponte de Alconétar, obra que restauraran entre 1230-1257, querían cobrar portádego; o acordo estipulaba que habería unha liña divisoria entre a súas xurisdicións, que ningunha das partes podería quebrantar. Esta concordia foi promovida polo rei Sancho IV (BN, mss. 714, fol. 149r-v; Martínez Díez, 1993: 124; AHN, OOMM, San Xoán, Lengua de Castilla, Inv. nº 121, fols. 37v-38r.; De la Montaña, 2003: 317, 322-323).

No Fuedo de Plasencia, nas cuestiós de entrega de herdades e deslindamentos, aparecen varios cabaleiros, nomeados para tal efecto, que só tiveron que ser aceptados polos freires templarios (De la Montaña, 2003: 306)

5.3. Cáceres

Roubos e mortes mutuas produciron os conflitos con Cáceres, con cuxo Concello asinará o Temple unha concordia o 28 de marzo de 1252. Os procuradores templarios foron o comendador de Capilla, Lope Pérez, e o de Alconétar, Miguel Navarro, aparecendo entre as testemuñas Martiño Sánchez, comendador de Aliste, e frei Guillén Arnaldo, frei Fernando Navarro, frei Arias e frei Simón García (BN, mss. 430, Privilegios de Cáceres).

En 1253 o Concello de Cáceres rubrica co seu selo a avinza entre a vila e os templarios de Alconétar sobre problemas de xurisdicións (De la Montaña, 2003: 306, 324, 404).

5.4. Sevilla

Non coñecemos ningún conflito entre a Orde do Temple, que posuía diversas propiedades e casas en Sevilla e o seu alfoz, co Concello da cidade. Pero a raíz das circunstancias do proceso contra a Orde, Fernando IV, igual que fixo con outras propiedades, doará o 22 de setembro de 1309 ao seu vasalo Gonzalo Sánchez de Troncos, co consentimento do Concello de Sevilla, o castelo e a vila de Fregenal, que pertencera á Orde do Temple (Martínez Díez, 1993: 182; Barquero, 1993: 42).

Sabemos que os templarios se resistiron a entregar esa fortaleza porque, noutro documento de 17 de marzo de 1312, Fernando IV devolve ao Concello de Sevilla a vila, o castelo e os termos de Fregenal de la Sierra, que fora dos templarios. Nesta carta lembra que ordenara ao Concello tomar o castelo, que os templarios non querían entregar: «mandamos a vos el concejo de la muy noble cibdat de Sevilla que lo cercásedes e tomásedes por fuerça, et vos fisístelo así et desto diemos vos carta de donación en commo lo toviésedes por vuestro»... «et parando mientes a la grand costa, que vos el dicho concejo fesistes et a los grandes dapnos que recibiestes teniendo hueste sobre este castiello hasta que lo tomastes e la grant costa que fisistes en lo tomar...» (Martínez Díez,

1993: 182, 198).

5.5. Ausejo e Alcanadre

Aínda que non como parte directa, pero si afectada, a Orde do Temple aparece na concordia entre os concellos de Ausejo e Alcanadre, de 10 de marzo de 1229, pola que se regula o xeito de pescar na lagoa e os pastos dos seus termos, reservándose certa participación aos templarios de Alcanadre (Martínez Díez, 1993: 130).

5.6. Chinchilla

O 24 de marzo de 1267, estando en Niebla, Afonso X ordénalles aos comendadores das Ordes de Calatrava, Hospital e Temple que garden aos veciños de Chinchilla os seus privilexios, especialmente cando fosen á feira de Zorita (Ballesteros, 1935: 445; Rodríguez-Picavea, 1999: doc. 317).

5.7. A Coruña

Co Concello da Coruña mantiveron os templarios da bailía de Faro difíciplas relacions durante o século XIII. Cando Afonso IX decide crear a nova poboación da Coruña, mércale aos templarios diversas propiedades no Burgo de Faro (actuais parroquias de Santiago do Burgo (Culleredo) e Santa María do Temple (Cambre). Pero os templarios seguiron no lugar, mesmo reforzando as súas posesións. Fernando III, Afonso X e Sancho IV mandaranlle aos templarios desfacer unha nova pobra que facían no Burgo, ao que eles farán caso omiso. Un documento de Sancho IV, asinado en Lugo o 20 de setembro de 1286, e que inserta outro de Fernando III asinado en Palencia o 7 de xaneiro de 1235, faise eco destes conflitos (González Garcés, 1987: 484-486; González González, 1986: doc. 544; Vedía y Goossens, 1975: 147-148; Barreiro Fernández, 1986).

FONTES E BIBLIOGRAFÍA

Fontes:

Arquivo da Catedral de Zamora: Leg. 1=(A-1) (16), Leg. 13, doc. 7, Tumbo Negro, Tumbo Blanco.
Arquivo Diocesano de Astorga: Códices, R-4 (Indicador de Carracedo).

Arquivo do Reino de Galicia: AHN, Inventario del Archivo de Uclés, «Santa Iglesia de Badaxoz» (copia en microfilm); Libros de mosteiros, Sobrado, C-64 e C-444; AHN, OOMM, San Xoán, Lengua de Castilla, Inv. nº 121 (copia en microfilm).

Biblioteca Nacional: Manuscritos: 406, 430, 712, 714, 838, 2907, 4357, 6683, 13042, 13094, 13123, 13604.

Bibliografía:

AGUADO DE CÓRDOBA, Francisco; ALEMÁN Y ROSALES, Alfonso Antonio; LÓPEZ ARGULETA, José, 1719, *Bullarium ordinis militiae Sancti Iacobi Gloriosissimi Hispaniarum Padronum*. Madrid.
ANDRADE CERNADAS, José María, 1995, *O Tombo de Celanova: Estudio introductorio, edición e índices (ss. IX-XII)*. Santiago. 2 vols.

BALLESTEROS BERETTA, A., 1935, *Itinerario de Alfonso el Sabio*. Madrid.

BARQUERO GOÑI, Carlos

(1993a): «El conflicto por los bienes templarios en Castilla y la Orden de San Juan». *En la España Medieval*, 16, pp: 37-54.

(2003b): *Los caballeros hospitalarios durante la Edad Media en España*. Burgos.

- (2003c): «La Orden de San Juan en Castilla según la cronística medieval (siglos XII-XIV)», pp: 57-63, en AAVV: *Actas del Primer Simposio Histórico de la Orden de San Juan en España. Madrid y Consuegra, 1990.* Toledo.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, José Ramón, 1986, *Historia de la ciudad de La Coruña.* A Coruña.
- BARREIRO SOMOZA, José, 1987, *El señorío de la Iglesia de Santiago de Compostela, siglos IX-XIII.* A Coruña.
- BERNAL ESTÉVEZ, Ángel, 1998, *Poblamiento, transformación y organización social del espacio extremeño (siglos XIII al XV).* Mérida.
- CAAMAÑO MARTÍNEZ, María Jesús, 1985, «El arte y las órdenes militares en la provincia de Salamanca», en *El Arte y las Órdenes Militares. Actas del Simposio.* Cáceres.
- Cabero Domínguez, Consolación (1989): «Las salinas de Lampreana en la Edad Media (S. X-XIV), *Astónica*, 8, pp: 11-81.
- (1995): *Astorga y su territorio en la Edad Media,* León.
- Cabrera, Emilio (1995): «Notas sobre la conquista y la organización territorial del Reino de Córdoba en el siglo XIII», en *Medioevo Hispano. Estudios in memoriam del Prof. Derek W. Lomax,* Madrid, pp: 83-99.
- Castán Lanaspa, Javier; (1982): «Aportaciones al estudio de la Orden del Temple en Valladolid», *Boletín del Seminario de Arte y Arqueología*, 48.
- (1983): *Arquitectura templaria castellano-leonesa,* Valladolid.
- Cavero Domínguez, Gregorio (1996): *Conflictos y revueltas contra la mitra asturicense (siglos XI-XV). El ejemplo de los Barrios de Salas,* León.
- Cavero Domínguez, Gregorio; Martín López, Encarnación (2000): *Colección Documental de la Catedral de Astorga, II (1126-1299),* León.
- Corral Val, Luis (1999): *Los monjes soldados de la orden de Alcántara en la Edad Media,* Castellum, Madrid.
- Cuartero y Huerta, Baltasar; Vargas-Zúñiga Montero de Espinosa, Antonio de (1959): *Índice de la colección Salazar y Castro,* Madrid, vol. XXIII.
- De la Montaña Conchiña, Juan Luis (2003): *La Extremadura cristiana (1142-1350). Poblamiento, poder y sociedad,* Cáceres.
- Díaz de la Carrera, Diego (1663): *Difiniciones de la Orden y Cavallería de Alcántara, con la historia y origen della,* Madrid.
- Difiniciones de la orden y cavallería de Calatrava conforme al capítulo General celebrado en Madrid,* s/l, 1652.
- Domínguez Sánchez, Santiago (1996): *Documentos de Clemente IV (1265-1268) referentes a España,* León.
- Durany Castillo, Mercedes (1987): «Análisis e interpretación de un conflicto social a mediados del siglo XIII: El enfrentamiento Concejo de Ponferrada-Monasterio de Carracedo», *Estudios Humanísticos*, 9, pp: 69-76.
- (1989): *La region del Bierzo en los siglos centrales de la Edad Media, 1070-1250,* Santiago de Compostela-León.
- Duro Peña, Emilio (1967): «El monasterio de San Salvador de Sobrado de Trives», *Archivos Leoneses*, 41, León.
- Estepa Díaz, Carlos (1975): «La disolución de la Orden del Temple en Castilla y León», *Cuadernos de Historia*, 6, Madrid, 121-186.
- (1981): «Encomiendas del Temple en Tierra de Campos», *Anuario de Estudios Medievales*, 11, Barcelona, pp: 701-710.
- Fernández Catón, José María (1990): *Colección documental del archivo de la catedral de León (1109-1187),* V, León.
- Fernández Duro, Cesáreo (1882): *Memorias históricas de la ciudad de Zamora, su provincia y obispado,* vol. I, Madrid.
- Fernández Flórez, José Antonio (1984): «El Becerro de Presentaciones. Cod. 13 del ACL: Un parroquial leonés de los siglos XIII-XIV», en *León y su Historia. Miscelánea Histórica*, V, León.
- (1993): *Colección diplomática del monasterio de Sahagún, V (1200-1300),* León.
- Fernández Martín, Luis (1967): *Colección diplomática de la abadía de Benevívere (Palencia). 1020-1561,* Madrid.
- Fernández Ruiz, Raquel del Carmen (2000): *Colección diplomática del monasterio de Santo Domingo de Benavente, (1228-1390),* Salamanca.

- Ferreira Priegue, Elisa (1988): *Los caminos medievales en Galicia*, Ourense.
- Ferreira, Alexandre (1734): *Memorias, e noticias históricas da celebre ordem militar dos Templarios na Palestina, para a Historia da admiravel Ordem de Nossa Senhor Jesu Christo em Portugal*, vol. II da primera parte, Lisboa Occidental, Oficina de Joseph Antonio da Sylva.
- FITA, Fidel
 (1882a): *Actas inéditas de siete concilios españoles*, Madrid.
 (1912b): «Coria compostelana y templaria», *Boletín de la Real Academia de la Historia*, 61, pp: 346-351.
- FLÓREZ, Enrique, 1762, *España Sagrada*, vol. XVI, Madrid.
- GARCÍA CONDE, Antonio; LÓPEZ VALCÁRCEL, Amador, 1991, *Episcopologio lucense*, Lugo.
- GONZÁLEZ BALASCH, María Teresa (estudo e edición), 2004, *Tumbo B de la Catedral de Santiago*. Santiago.
- GONZÁLEZ GARCÉS, Miguel, 1987, *Historia de la ciudad de La Coruña*. A Coruña.
- GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Julio
 (1943a): *Regesta de Fernando II*. Madrid.
 (1944b): *Alfonso IX*, 2 vols.. Madrid
 (1983-1986c): *Reino y diplomas de Fernando III*. 3. vols., vol. I (1983) e vol III (1986). Córdoba.
- GUADALUPE BERAZA, María Luisa, 1977, *La institución decimal en el reino castellano-leonés durante los siglos XII y XIII (Diócesis de Zamora, Salamanca, Ávila y Ciudad Rodrigo)*, tese de doutoramento, inédita, Salamanca, III vols.
- GUGLIERI NAVARRO, Araceli, 1974, *Catálogo de sellos de la sección de Sigilografía del Archivo Histórico Nacional*, 3 vols. Madrid.
- GUTIÉRREZ GONZÁLEZ, José Avelino, 1995, *Fortificaciones y feudalismo en el origen y formación del reino leonés (siglos IX-XIII)*. Valladolid.
- HERNÁNDEZ VEGA, Mateo, 1982, *Ciudad Rodrigo. La Catedral y la ciudad*, ed. facsímile. Salamanca.
- LEIRÓS, Eladio, 1951, *Catálogo de los pergaminos monacales de la S. I. catedral de Orense*. Santiago.
- LERA MAÍLLO, José Carlos de, 1999, *Catálogo de los documentos medievales de la Catedral de Zamora*, Instituto de Estudios Zamoranos “Florián de Ocampo” e Deputación de Zamora. Zamora.
- LOMAX, Derek W., 1965, *La Orden de Santiago (1170-1275)*. Madrid.
- LÓPEZ FERREIRO, Antonio, 1901, *Historia de la Santa Apostólica Metropolitana Iglesia de Santiago*, vol. IV. Santiago.
- LOSCERTALES Y GARCÍA DE VALDEAVELLANO, Pilar, 1976, *Tumbos del monasterio de Sobrado de los Monjes*, 2 vols. Madrid.
- LUCAS ÁLVAREZ, Manuel (estudo e edição), 1998, *Tumbo A de la Catedral de Santiago*. Santiago.
- LUENGO Y MARTÍNEZ, José María, 1980, *El castillo de Ponferrada y los Templarios*, 2^a ed. León.
- MANSILLA, Demetrio
 (1945a): *Iglesia castellano-leonesa y curia romana en los tiempos del rey San Fernando*. Madrid.
 (1965b): *La documentación pontificia de Honorio III (1216-1227)*. Roma.
- MARCOS RODRÍGUEZ, Florencio, 1962, *Catálogo de Documentos del Archivo Catedralicio de Salamanca (siglos XII-XIV)*. Salamanca.
- MARTÍN MARTÍN, José Luis
 (1977a): *Documentos de los archivos catedralicio y diocesano de Salamanca (Siglos XII-XIII)*, Universidad de Salamanca. Salamanca.
 (1989b): *Documentación medieval de la Iglesia Catedral de Coria*. Salamanca.
- MARTÍN RODRÍGUEZ, José Luis
 (1974a): *Orígenes de la Orden Militar de Santiago*. Barcelona.
 (1981b): «Derechos eclesiásticos de la Orden de Santiago», *Anuario de Estudios Medievales*, 11, pp: 247-275.
- MARTÍNEZ DÍEZ, Gonzalo
 (1993a): *Los templarios en la Corona de Castilla*. Burgos.
 (2001b): *Los templarios en los reinos de España*. Barcelona.
 (2002c): *La cruz y la espada. Vida cotidiana de las órdenes militares españolas*. Barcelona.
- MARTÍNEZ SOPENA, Pascual, 1985, *La Tierra de Campos occidental. Poblamiento, poder y comunidad del siglo X al XIII*. Valladolid.

- MATELLANES MERCHÁN, José Vicente, 2003, «Relaciones entre las Órdenes de San Juan y Santiago en Castilla y León en los siglos XII y XIII», pp: 93-98, en AAVV: *Actas del Primer Simposio Histórico de la Orden de San Juan en España. Madrid y Consuegra, 1990*, Toledo.
- MATILLA TASCÓN, 1965, *Guía-Inventario de los archivos de Zamora y su provincia*. Madrid.
- MOLERO GARCÍA, Jesús, 2000, «Caminos y poblamiento en el Campo de San Juan», pp: 111-142, en Ricardo Izquierdo Benito e Francisco Ruíz Gómez (coord.): *Las Órdenes Militares en la Península Ibérica. Vol. I. Edad Media*. Cuenca.
- NOVOA PORTELA, Feliciano, 2000, *La Orden de Alcántara y Extremadura (siglos XII-XV)*. Mérida: Editoria Regional de Extremadura.
- OLMEDO Y RODRÍGUEZ, Felipe, 1905, *La Provincia de Zamora. Guía geográfica, histórica y estadística de la misma*. Valladolid.
- ORTEGA E COTES, Ignacio José de; FERNÁNDEZ DE BRIZUELA, J.; ORTEGA ZÚÑIGA Y ARANDA, Pedro (eds.), 1759, *Bullarium ordinis militiae de Alcántara, olim S. Juliani del Pereiro*. Madrid.
- ORTEGA Y COTES, Ignacio José de; ÁLVAREZ DE BAQUEDANO, Juan Francisco; ORTEGA ZÚÑIGA Y ARANDA, Pedro, 1981, *Bullarium Ordinis Militiae de Calatrava*, ed. facsímile. Barcelona.
- PALACIOS MARTÍN, Bonifacio (dir.), 2000, *Colección diplomática medieval de la Orden de Alcántara (1157?-1494). I: De los orígenes a 1454*. Madrid.
- PASCUAL MARTÍNEZ, Lope, 1981, «Los templarios en el Reino de Murcia», *Anuario de Estudios Medievales*, 11, pp: 687-699.
- PEREIRA MARTÍNEZ, Carlos
(1991a): «Un documento dos templários de Faro», *Revista das Festas do Temple*.
(1993b): «Burgo de Faro, os Templários e o Camiño de Santiago, I», *Compostellanum*, XXXVIII-3/4, pp: 467-503.
(1994c): «A Orde do Temple e Cambre», *Esculca*, 3, pp: 28-42.
(1995d): «A encomenda de Betanzos da Orde do Temple», *Anuario Brigantino*, 18, pp: 13-20.
(1999e): «Os templarios no Reino de Galiza», *Terra Cha*, 4, p. 6.
(2000f): «A Orde do Temple na comarca brigantina. Os documentos», *Revista da III Feira Franca Medieval*. Betanzos.
(2000g): *Os templarios. Artigos e ensaios*. Noia.
(2001h): «Dúas encomendas templarias galegas descoñecidas: Lendo (A Laracha) e San Sadurniño», *Anuario Brigantino 2000*, 23.
- PÉREZ EMBID, Javier, 1986, *El Císter en Castilla y León. Monacato y dominios rurales (s. XII-XV)*. Salamanca.
- PIÑUELA XIMÉNEZ, Antonio, 1987, *Descripción histórica de la ciudad de Zamora, su provincia y obispado*. Zamora.
- QUADRADO, José María, e PARCERISA, Francisco, 1990, *Recuerdos y Bellezas de España*. Zamora, ed. facsímile. Valladolid, (1ª ed., 1861).
- QUINTANA PRIETO, Augusto
(1955a): *Ponferrada en la antigüedad*. Madrid.
(1955b): «Los templarios en Cornatel», *Archivos Leoneses*, IX, 47-70.
(1963c): «Registro de documentos pontificios de Astorga (1139-1413)», *Anthologica Annua*, 11. Roma.
(1971d): *Tumbo Viejo de San Pedro de Montes*. León.
(1987e): *La documentación pontificia de Inocencio IV (1243-1254)*, 2 vols. Roma.
(1989f): «El mosteiro de Ageo», *Briguecio*, 1. Benavente.
(2002g): *El obispado de Astorga en el siglo XIII*. Zamora.
- RADES Y ANDRADA, Francisco de
(1994a): *Chronica de la Orden y Caualleria de Calatrava*, ed. facsímile. Valencia (1ª ed., 1572).
(1994b): *Chronica de la Orden y Cauallería de Alcántara*, ed. facsímile. Valencia (1ª ed. 1572).
(1994c): *Chronica de la Orden y Cauallería de Santiago*, ed. facsímile. Valencia (1ª ed. 1572).
RAMOS DE CASTRO, Guadalupe, 1977, *El arte románico en la provincia de Zamora*. Zamora.
- REAL CONSEJO DE LAS ÓRDENES (s/a), *Regla de la Orden de la Caballería de Santiago, con notas sobre algunos de sus capítulos, y un apéndice de varios documentos, que conducen para su inteligencia y observancia, y mayor ilustración suya, y de las antigüedades de la Orden. Mandada publicar por el Real Consejo de las Órdenes*, ed. facsímile. A Coruña (1ª ed., Madrid, 1791).
- RECUERO ASTRAY, Manuel; ROMERO PORTILLA, Paz; RODRÍGUEZ PRIETO, María Ángels, 2000, *Documentos Medievales del Reino de Galicia: Fernando II (1155-1188)*. A Coruña.

- REY CAIÑA, José Ángel, e outro
 (1984a): «Benedictinos y Templarios en Guntín (S. X-XVI)», pp: 233-254, en AAVV: *Actas del II Colóquio Galaico-Minhoto*, 2 vols. Santiago.
 (1994b): «Los templarios en tierras de Lugo», pp: 187-191, en AAVV: *Actas III Coloquio galaico-minhoto*. Viana do Castelo, vol. I.
- RISCO, Manuel (1798): *España Sagrada*, vol. XLI. Madrid.
- RODRÍGUEZ DE CAMPOMANES, Pedro, 1975, *Dissertaciones históricas del Orden, y Cavallería de los Templarios*, ed. facsímile. Barcelona, 1975 (1^a ed., Madrid, 1747).
- RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Ángel, 1973, *El tumbo do monasterio de San Martín de Castañeda*. León.
- RODRÍGUEZ LÓPEZ, Pedro, 1907, *Episcopologio Asturicense*, 4 vols. Astorga.
- RODRÍGUEZ-PICAVEA MATILLA, Enrique,
 (1994a): *La formación del feudalismo en la meseta meridional castellana: Los señoríos de la Orden de Calatrava en los siglos XII-XIII*. Madrid.
 (1999b): «Documentos para el estudio de la Orden de Calatrava en la meseta meridional castellana (1102-1302)», *Cuadernos de Historia Medieval*, Secc. Colecciones Documentales, 2, Universidad Autónoma de Madrid.
- RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, Elías, 2000, *Historia de las explotaciones salinas de las lagunas de Villafáfila*. Zamora.
- ROMANÍ MARTÍNEZ, Miguel
 (1989a): *El monasterio de Santa María de Oseira (Ourense). Estudio histórico (1137-1310)*. Santiago.
 (1990b): *Colección Diplomática do mosteiro cisterciense de Santa María de Oseira (Ourense) 1025-1310*, 2 vols. Santiago.
- RUÍZ ASENSIO, J. M.; MARTÍN FUERTES, J. M., 1994, *Colección Documental de la Catedral de León, IX (1269-1300)*. León.
- RUÍZ DE MORALES, Antonio, 1998, *La Regla e Establecimiento da Orden da Cauallería de Santiago del Espada, con la Hystoria del origen e principio della*. León.
- RUÍZ GÓMEZ, Francisco, 2003, *Los orígenes de las Órdenes Militares y la repoblación de los territorios de La Mancha (1150-1250)*. Madrid.
- SÁNCHEZ PASÍN, J. M., 1983, «El conde D. Rodrigo Álvarez de Sarria, fundador da Orden Militar de Montegaudio», *Compostellanum*, vol. XXVIII, núms. 3-4. Santiago.
- SÁNCHEZ RODRÍGUEZ, Marciano
 (1985a): *Tumbo Blanco de Zamora*. Salamanca.
 (1985b): *Tumbo Negro de Zamora*. Salamanca.
- SIERRA CORELLA, Antonio, 1932, *El archivo de San Marcos de León*. Madrid.
- TORRE MUÑOZ DE MORALES, Ignacio de la, 2004, *Los Templarios y el origen de la Banca*. Madrid.
- TORRES FONTES, Juan
 (1989a): «El diezmo eclesiástico en Sevilla y Murcia (siglo XIII)», en *Alfonso X el Sabio. Vida y época*, I. Madrid, pp: 177-190.
 (1998b): «Caravaca en la ocupación castellana (1243-1266)», pp: 125-142, en AAVV: *Estudios de historia de Caravaca. Homenaje al prof. Emilio Sáez*. Murcia.
- TORRES Y TAPIA, Álvaro, 1999, *Crónica de la orden de Alcántara*, 2 vols., ed. facsímile. Madrid (1^a ed., 1763).
- VÁZQUEZ SEIJAS, Manuel, 1970, *Fortalezas de Lugo y su provincia*, 6 vols., Lugo (1955-1970), vol. V.
- VÁZQUEZ, Germán
 (1990a): *Historia de Monforte y su Tierra de Lemos*. León.
 (1991b): *Lalín. La Tierra de Deza*. León.
- VEDÍA Y GOOSSENS, Enrique de, 1975, *Historia y descripción de la ciudad de La Coruña*, ed. facsímile. A Coruña.
- VILLAR Y MACÍAS, M., 1974, *Historia de Salamanca*, vol. IV. Salamanca.
- YZQUIERDO PERRÍN, Ramón, 1983, *La arquitectura románica en Lugo*. A Coruña.

